



A batalla de Altamira

A batalla de



A historia dun territorio estratéxico:
As Torres de Altamira











Presentación Institucional

A nosa historia é unha historia chea de heroes, unha historia chea de persoeiros que sobreviven na memoria do noso País, un País que transmite unha tradición oral milenaria que vai moito máis aló dos escritos que até nos chegaron. É unha historia gravada nas pedras, nas mámoas, nos castelos, nas nosas casas, unha historia transmitida ao carón das nosas lareiras, detrás das nosas cociñas ou mesmo no medio das tarefas que configuraron o cotiá das nosas tradicións e costumes.

As pedras falan cando os homes e as mulleres xa non poden falar, e falan dos milleiros de libros e escritos que aínda non foron resoltos por ninguén, falan de que somos un pobo pioneiro mesmo en reinos perdidos, en revoltas necesarias, en derribar muros cando outros aínda edificaban castelos, en percorrer os mares ou en descubrir novas realidades que fixeron de nós moito máis do que podemos chegar soñar. Somos o resultado das ansias de moita xente, e ao mesmo tempo dos fracasos de tantos outros.

As pedras de Altamira, ese miradoiro inmenso sobre a Val da Maía e mesmo sobre as terras de Compostela, falan practicamente de toda a nosa historia, actúan como se dun resumo pétreo se tratara, do que aconteceu en séculos de asentamento, acordos, desacordos, revoltas e batallas. As pedras de Altamira, -agora espalladas por todo o territorio dos amaeos-, configuran o pasado dun territorio máis extenso que as propias terras de Altamira, un territorio que abarca dende os altos cumios da Luaña até as augas da antiga Iría Flavia.

Hoxe, da man de De Historia (Mercedes Vázquez e M^a Pilar Rodríguez), chega até nós un traballo máis que necesario dunha parte desa aventura do pasado que significou algo máis que unha batalla nas terras dos Moscoso ou dos Fonseca. Foi unha loita por formas de entender a realidade social ou mesmo as realidades territoriais da Galiza de hai 550 anos. 10.000 mulleres e homes deixaron a súa pegada nos territorios comprendidos entre a Ponte Maceira e Brión, 10.000 galegas e galegos que configuraron unha realidade da cal somos algo máis que testemuñas silenciosas.

Paradoxos das liñas temporais nas que se conforman as nosas complexas realidades amosan que o desencadeante desta nosa historia fora a intención de reconstruír as Torres de Altamira. Hoxe, tantos anos e tanto sangue despois atopámonos coa necesidade de que o que entón foi unha ofensa, hoxe sexa unha ofrenda a todas esas persoas que loitaron polas súas ideas, fosen as que fosen. O proxecto de conservar e coidar as torres é unha realidade que agardemos resolver no 550 aniversario da Batalla de Altamira, batalla que terá o que até agora non tivo: unha lembranza merecida e necesaria, unha lembranza que sitúe o seu nome na memoria dun País á altura doutros moitos escenarios xeográficos arredor do noso territorio. Unha lembranza digna de ser celebrada por todos nós de forma regular, festiva e reivindicativa.

O libro, pois, será a primeira das moitas pedras que configuraran o traballo para recuperar ese anaco de historia, traballo polo que a Deputación da Coruña aposta firmemente, como non pode ser doutra forma, como xestora actual das Torres, ao igual que a colaboración estimable e necesaria dos Concellos de Brión e Ames, colaboración sen a cal o que hoxe comeza non podería comezar. Grazas a todas aquelas persoas que dedicaron unha parte do seu tempo na memoria de todos e todas nós.

Xosé L. Penas Corral

Deputado de Patrimonio - Deputación da Coruña



C E A N V S

C. Finisterræ,
ARTABRYM et CELTICVM prout
Plinio, NERIUM Ptolemæo.

O C C I D
E N T A L I S.

GALLÆCIA

REGNVM,

descripta a F. Fer. Ojea Ord. Præl.
et postmodum multis in locis
emendata et aucta.

Datos de Autoría

dehistoria. Cultura. Historia. Patrimonio, s.l.l.

Mercedes Vázquez Bertomeu

M^a Pilar Rodríguez Suárez

Créditos das Fotografías

Archidiócesis de Sevilla

Arquivo dehistoria, s.l.l.

Archivo Histórico Nacional

Biblioteca Nacional de Francia

Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela

Wikimedia Foundation

©Mónica Fernández López|Terteres Estudio

Créditos das Ilustraciones

©Mónica Fernández López|Terteres Estudio

Deseño e Maquetación da Presente Edición

©Mónica Fernández López|Terteres Estudio

Imprime

Imprenta Provincial

Depósito Legal: C 704-2020

EDICIÓN NON VENAL

A batalla de Altamira





A modo de presentación

O día 13 de xuño de 1471 tivo lugar unha enorme batalla aos pés das Torres de Altamira. Dous exércitos de máis de 10.000 homes enfrontáronse nunha pelexa que en principio se presentaba igualada. Eran o arcebispo de Santiago, Afonso de Fonseca II, e os cabaleiros máis importantes de Galicia, que se aliaran contra el.

Uns loitaban polo dereito do arcebispo a gobernar a súa diocese e polo da Igrexa a posuír e gozar das rendas e dereitos que tiña de antigo e que sustentaban non só os cregos senón tamén as liturxias do altar do Apóstolo e o seu senlleiro templo. Outros buscaban consolidar aqueles bens que serviran para que aquelas liñaxes de fidalgos medianos que emerxeran no século anterior fosen agora grandes casas, de moita riqueza e innumerables vasalos. Había moito en xogo, de aquí a relevancia dos exércitos e dos seus capitáns, pero tamén da batalla en si mesma, pois poucas foron as lides deste tipo que houbo na Galicia daquel tempo.

Foi unha batalla en campo aberto, con diversos escenarios e sucesos previos, que tivo un desencadeante inmediato: o desexo de Lopo Sánchez de Moscoso de reconstruír e ampliar as Torres de Altamira. Esa acción tivo unha reacción: a tenaz resistencia do arcebispo, que non podía tolerar un castelo hostil ás portas de Santiago.

Naquel día moitos morreron ou quedaron feridos, e ficaron para sempre na memoria das xentes os feitos daquela xornada, que se transmitiron ás xeracións que virían. Por iso a noticia daquel suceso chegou a nós, aínda que as torres que ocasionaran o conflito foron caendo e perdendo a súa vella aparencia.

Hoxe, a batalla, as torres e os que loitaron aquel día están intimamente unidos e son considerados protagonistas dun dos fitos senlleiros da nosa historia, esa que queremos descubrir e transmitir ao futuro.

O pano de fondo

A Galicia do século XV: un tempo revolto

O panorama

‘O prof. J. García Oro ofrece en varias das súas obras unha ampla e detallada explicación dos feitos e dos procesos da Galicia baixomedieval; a máis completa posiblemente está en Galicia en los siglos XIV y XV, La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987.

Para quen os viviu os anos do século XV foron longos e difíciles, e mesmo en certo modo eses cen anos comezaron antes e foron un pouco máis alá de 1500. Nese enorme século, que podemos dar por iniciado en 1369 coa fin da guerra entre o rei Pedro I e o seu irmán Henrique de Trastámara, sucederon moitísimas cousas nunha vertixe en que a historia parecía acelerarse. O punto final podemos marcalo arredor de 1500. Daqueles acontecementos Galicia emerxeu como un reino totalmente diferente.

En efecto, naquela guerra dinástica desapareceron os vellos señores como os Castro de Lemos, e mesmo os arcebispos de Santiago perderon parte do seu poderío e prestixio antigos. Os galegos, liderados por Fernando Ruíz de Castro, alcumado Toda a Lealdade de España, foran fieis ao xuramento feito ao rei Pedro até o final e pagaron caro térense arrimado ao lado perdedor. Daquela gran nobreza composta por cabaleiros con enormes dominios territoriais e milleiros de vasalos pouco queda contra 1400, de xeito que o século XV verá máis ben o crecemento e a consolidación de casas máis pequenas que aproveitaron o baleiro!

Cos arcebispos composteláns sucedeu algo parecido, pois aínda que o cargo foi ocupado acotío por persoeiros importantes e ben conectados na corte castelá, nunca recuperarían a influencia e o poder que tiveran até entón. Esa decadencia notouse tamén mesmo dentro da Terra de Santiago —o nome xenérico que se daba ao seu dominio, que era o máis grande de Galicia—. De certo, os escudeiros e os concellos comezaron a reclamar un sitio de seu e aproveitaron as dificultades dos prelados para sacarles aos reis documentos que acreditasen novos dereitos ou que confirmasen aqueloutros polos que había longos preitos. Lopo de Mendoza, Álvaro de Isorna e mesmo Rodrigo de Luna —sobriño do famosísimo condestable Álvaro de Luna— tiveron que facer fronte ás presións duns e doutros.

Ese longo século XV asiste á emerxencia na nosa historia de dous grupos que até entón estiveran algo escurcidos: os concellos urbanos e a pequena e mediana nobreza.

O campo libre que deixaran os Castro de Lemos foi aproveitado por algunhas liñaxes de escudeiros para medraren e comezaren o seu ascenso ao cumio social. Son os Moscoso, Andrade, Ulloa ou Soutomaior, parentelas de orixe antiga que se desenvolveron ao carón das grandes casas e que agora sentarán as bases dun futuro diferente. Desde o final da guerra civil loitarán por convertérense en grandes señores, acumulando poder, terras e riqueza; contra 1500 o seu dominio social e político é indiscutible e apoiándose nel aproveitarán as oportunidades que ofrecen as empresas da coroa de Castela. Acabarán sendo grandísimos señores no centro mesmo do poder e da influencia do reino.

Eles foron reconstruíndo a presenza galega na corte real, pois unha das consecuencias dos conflitos do século XIV foi a perda de influencia dos poderosos galegos na política castelá. Este feito tivo como consecuencia un certo afastamento da realidade galega a respecto do que acontecía en Castela. Con todo, as liortas políticas dos reis tiveron o seu impacto en Galicia, xa que en moitas ocasións os poderosos do país se situaban en bandos diferentes e resolvían as súas diferenzas en querelas e escaramuzas que interrompían o comercio e danaban as colleitas. E non é raro albiscar estes posicionamentos enfrontados por debaixo dalgúns conflitos locais, como sería o caso do levantamento irmandiño ou da guerra entre o arcebispo Fonseca e Pedro Álvarez de Soutomaior.

No século XV vemos unha sucesión de enfrontamentos a pequena escala entre cabaleiros ou entre estes e os bispos ou contra as vilas e as cidades. Son tan comúns e desenvólvense con tanta intensidade que aos nosos ollos aquel tempo aparece como un espazo de crise constante e de violencia descarnada. Era unha sociedade en recomposición que vía neses choques o mecanismo de avance.

Fronte aos bispos e aos cabaleiros, aos señores de vasalos e ás xurisdicións, están as vilas e as aldeas; esa é a norma xeral. Non obstante, moitos cregos son tan pobres como os seus fregueses e moitos mosteiros e cabidos padecen en carne propia os danos da violencia señorial. Neste contexto, as alianzas son cambiantes.

Os concellos son as entidades representativas do goberno urbano, que no caso da Terra de Santiago quere dicir a propia cidade de Santiago, Pontevedra, Padrón e algúns núcleos pequenos mais ben animados como Noia, Muros ou as incipientes vilas do Barbanza, como Rianxo ou A Pobra. Durante o séculos XIV e XV loitarán con maior ou menor forza por organizaren un goberno de seu, unhas veces resistindo a autoridade arcebispal ou señorial, outras conformando as pautas e as normas da convivencia cidadá. Os concellos máis grandes –sobre todo Santiago– tiñan tras de si unha longa historia de goberno municipal e de loitas e acordos cos diferentes prelados, pero cada cambio de circunstancias o a chegada dun novo arcebispo sempre era vista como unha oportunidade para acadar maiores cotas de autogoberno.

No rural a unidade básica de agrupamento social e administrativo é a parroquia; cada unha delas intégrase nunha demarcación máis grande en cuxa configuración se combinan a xeografía e a pertenza a un señor concreto. Hai xurisdicións ben grandes como a de Tabeirós (dos arcebispos) ou Budiño (dos Moscoso) xunto a outras pequenas que se denominan polo xeral coutos, como o de Francos (Teo), encravado no territorio arcebispal pero adscrito a Altamira. A loita polos ingresos e os dereitos sobre estas xurisdicións será unha das constantes do século.

Nos concellos urbanos e nas xurisdicións rurais hai unha serie de oficiais que fan cumprir as normas do rei e do señor, vixían camiños, ditan xustiza ou miran pola orde pública. Son os rexedores, os meiriños, os alguacís, os xustizas, os notarios... Aos ollos dos estudosos actuais son unha xeografía e uns organigramas difíciles de desentrañar e comprender, aínda que naquel tempo a súa estrutura e o seu funcionamento era evidente para o conxunto da veciñanza.

Contra 1400 as cidades e as aldeas de Galicia, como as de toda Europa, aínda se están a recuperar do enorme golpe demográfico e económico que supuxo a peste negra; foi tal o impacto emocional que causaron os acontecementos daquel 1348 que ese pasou a ser un ano aciago, o da gran mortaldade. Aquel baleiro de xente trouxo unha retracción dos campos que rodeaban as aldeas, o crecemento do monte, a expansión dalgúns cultivos como foi a viña —que facían rendibles as terras sen necesitar moita man de obra— e unha ralentización xeral da actividade económica; a recuperación foi lenta, pois o mundo medieval precisaba de xente para incrementar os rendementos agrarios, as actividades artesanais, o transporte... Durante o século XV repetíranse os brotes, polo que remontar a poboación e a economía foi un proceso lento que tomará forza nos primeiros anos do século XVI, pero que é evidente xa contra 1450.

○ traballo do campo, cos cultivos e o gando, é a principal actividade produtiva da Galicia daquel tempo; era fundamental porque o traballo dos labregos e das labregas tiña que sustentar as súas familias, pero tamén aos señores, pois pagaban unha renda polas terras que traballaban. Os rendementos melloraran a respecto dos primeiros séculos medievais, mais a seguridade alimentaria era precaria, de xeito que unha morte prematura, un andazo ou o mal tempo axiña levaban as familias a unha situación de dificultade.

○ artesanado (a industria daquel tempo), que se asentaba sobre todo nas vilas e nas cidades, orientábase á produción de bens de consumo cotián, como zapatos ou roupas, pero tamén había emprendementos orientados á transformación a grande escala de materias primas locais como os coiros ou o peixe. Estes eran os principais produtos —xunto co viño— dun comercio de longo percorrido que era modesto pero robusto e que se facía principalmente por mar, sendo os portos da Terra de Santiago os principais de Galicia.

Os barcos de Pontevedra ou de Noia visitaban portos do Mediterráneo ou do norte de Europa para levaren eses produtos galegos ou para transportaren mercadorías doutros, e traían a cambio os panos flamencos, os cereais que faltaban na costa, os viños e o aceite do sur, así como os produtos exóticos que chegaban de Asia ou de África e que eles conseguían en Barcelona, Xénova ou Lisboa. Unha rede tupida de mercadores fixos e ambulantes repartía logo estes produtos polas vilas e as cidades galegas ben desde as tendas urbanas, ben desde as feiras e os mercados. Por outra banda, o produto fresco chegaba continuamente aos mercados urbanos desde as parroquias máis próximas ou, como sucedía co viño, desde as comarcas produtoras.

Malia ser unha sociedade moi xerarquizada, os nosos antepasados medievais vivían en forte dependencia os uns doutros, pois un ciclo de malas colleitas traía dificultades, e todos, dada a precariedade das redes de comunicación e intercambio, pasaban estreitezas.

En efecto, as dificultades das comunicacións por terra facían que as vilas e as cidades fosen fortemente dependentes do rural circundante, pois eran os labregos e, sobre todo, as labregas e as «regateiras» (intermediarias que compraban nas aldeas e vendían nas cidades) as que alimentaban os burgueses. Era tan difícil distribuír mercadorías que nos anos de malas colleitas os cereais para alimentar Santiago chegaban por mar desde Andalucía ou Portugal, pois era máis doado traelos desde alí que transportalos desde as comarcas cerealeiras de Ourense ou León.

Eses camiños, que eran coidados pola veciñanza baixo a supervisión dos axentes do señor, tecían o territorio. A paisaxe era moi diferente a actual, pois moitas das nosas aldeas eran aínda meros casais onde vivían un par de familias; estaban rodeadas de hortas e de agros que pronto deixaban lugar ao monte, que era onde pastaba o gando. Aquí e acolá algunha aldea máis grande ou un pobo, onde podía estar a igrexa parroquial, algunha casa abastada (do meiriño ou mordomo, o notario, o señor...) e en posición estratéxica unha torre, un castelo ou un vello castro.

Ese crecemento demográfico e económico que deixou atrás a crise do século XIV ten lugar ao tempo que o sistema social e político se reconfigura. Tras a catarse causada pola caída de colleitas e poboación que trouxo a peste negra, a saída da crise veu da man dunha reformulación xeral de moitas cousas.

Unha delas foi o equilibrio de poderes entre os señores que gobernaban os galegos e as galegas, e o instrumento principal foi a guerra civil entre Pedro I e o seu irmán Henrique de Trastámara. O partido petrista, liderado pola gran nobreza e os prelados galegos, quedou debilitado e as súas fraquezas foron aproveitadas por liñaxes medianas para medrar. Os Moscoso serán unha desas parentelas, pero tamén hai que falar dos Andrade, Ulloa ou Soutomaior.

Desde finais do século XIV e durante boa parte do XV buscarán –polas boas ou polas malas, xuntos ou enfrontados– engrandecer os seus señoríos, acceder ás rendas dos contratos forais e aos ingresos fiscais da crescente actividade comercial ou do exercicio do poder político. O seu esforzo irá dirixido sobre todo a aproveitar no seu beneficio unha parte da riqueza das entidades eclesiásticas (bispados, cabidos e mosteiros). Os poderosos valéronse do servizo leal a estas institucións para gañaren a súa confianza, pero tamén recorreron –con maior intensidade a medida que avanza o século– ao acoso e á violencia. Estaban obrigados pola mentalidade da época, que concibía liderados fortes á fronte das casas señoriais, exércitos ben armados e equipados para asistir ás guerras do rei, unha forma de vida cada vez máis sofisticada... As liñaxes que querían medrar viron nestas dinámicas depredadoras a única forma de ampliar a súa base económica, social e política.

Rendición de Compostela
ao duque de Lancaster (1386)



Isto era así, dito en pouca palabras, porque cando estas liñaxes quixeran medrar, o territorio, os vasalos, o poder e a riqueza estaban repartidos desde había xeracións entre a Igrexa, os vellos magnates e un cúmulo de pequenas casas, polo que o que quixese ampliar o seu patrimonio tiña que loitar por el e facerse un sitio. A saída máis común foi situarse entre eses antigos propietarios de bens e dereitos e o común das persoas, e por iso vemos as casas nobres levando os foros dos mosteiros e cabidos e cedendo logo esas fincas aos labregos, e por iso conseguen títulos de feudo e cesión de fortalezas e xurisdicións eclesiásticas.

Estas tendencias mesturáronse en moitas zonas coas liortas entre os propios señores pola propiedade de rendas ou de vasalos, e sobre todo coas pugnas relacionadas coas loitas de poder no reino castelán. O resultado é que os homes e as mulleres daquel tempo conviviron co que eles mesmos consideraban altísimos niveis de violencia.

Na Terra de Santiago, onde se asentan as Torres de Altamira e a súa xurisdición, o cumio desa tensión acadouse entre 1450 e 1480. Os arcebispos Rodrigo de Luna, Afonso de Fonseca I e Afonso de Fonseca II viviron boa parte dos seus pontificados en guerra aberta cos cabaleiros que lles comían as rendas, usurpaban os vasalos, menosprezaban o seu poder político e ignoraban as ameazas e as excomuñóns.

Os cabaleiros querían consolidar como hereditarios os bens e os vasalos que recibiran dos arcebispos anteriores como dádivas e feudos, pero os preladados loitaban por desfacerse desa marcaxe. Rodrigo de Luna quedou totalmente debilitado cando o seu tío o condestable Álvaro de Luna perdeu o favor do rei; os Fonseca necesitaron moitos anos de tenaz loita para conseguir unha tregua estable que só foi posible nas novas condicións políticas xeradas pola Real Audiencia do Reino de Galicia e os Reis Católicos. No fondo, as cidades e as vilas, que sempre estaban axexando para aproveitar esas fraquezas no seu proveito.



Sepulcro de Sueiro Gómez de Soutomaior, mariscal

Unha das formas que acadou este enfrontamento foi a guerra constante entre uns e outros. Non había grandes batallas pero sí o que o estudoso C. Galbán chama «guerra de baixa intensidade²» ou, o que é o mesmo, un castigo e acoso constante entre uns e outros que se concreta en roubo de colleitas e queima de aldeas, ataques aos mercadores, asedios e tomas de fortalezas, secuestros a cambio de rescate... eses mil e un delitos de menor rango que levaron a sociedade galega ao levantamento e desataron e xustificaron a furia dos irmandiños.

Un cronista da época resumiu de forma bastante acertada o sentir das xentes comúns que soportaron esa belicosidade e violencia:



Et esto foy por la maa vivenda dos caballeiros que non fazian senon furtar e robar. Et por esto quiso nostro señor tornar por lo seu poboo que era este reino de Galiza, todo destruido por la maa vivenda destes caballeiros.

Coñecemos con bastante detalle tanto os sucesos como as interpretacións contemporáneas deles porque temos un cronista que deixou o relato fiado deles —Vasco da Ponte e o seu Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia³(1532-35)— e tamén unha morea de documentos que rexistran e explican desde outros puntos de vista os confusos acontecementos daquel tempo⁴. O escritor Vasco da Ponte recolleu a noticia das cabalgadas e fazañas dos grandes deste tempo como eran Pedro Álvarez Osorio, conde vello de Lemos; Sueiro Gómez de Soutomaior, mariscal e señor de Rianxo; Sancho Sánchez de Ulloa, que se alzou como Conde de Monterrei tras a batalla de Altamira; ou Diego de Andrade, Pedro Álvarez de Soutomaior... cuxos feitos de guerra ocultan nunha envoltura cabaleiresca o que son movementos con obxectivos máis prosaicos.

² C. Galbán Malagón, «Mejor tú que yo. La Guerra Interseñorial: batallas, asaltos y tomas de fortificaciones en la Galicia del siglo XV», Ex novo: revista d'història i humanitats, 7 (2011): 157-59.

³ Vasco de Aponte, Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1986. O groso das citas documentais deste texto proceden desa crónica.

⁴ O máis coñecido deles e sen dúbida o máis rico pola cantidade e a calidade de información que achega é o chamado preito Tabera-Fonseca, que é un proceso xudicial visto entre 1524-34 entre os arcebispos Afonso de Fonseca III e Xoán Tabera polos danos sufridos polas fortalezas arcebispais en tempo dos Fonseca (1460-1524). Foi editado por A Rodríguez González, Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños: Pleito Tabera-Fonseca, La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1984.



Esas cabalgadas e escaramuzas son manobras calculadas e responden a un fin concreto: fustrigar para romper as liñas de comercio, minguar os ingresos, entreter as forzas do inimigo, secuestrar para obter un rescate e xerrar malestar contra o señor... As testemuñas do chamado preito Tabera- Fonseca relatan mil e un sucesos deste tipo e tamén contan que foron unha forma predominante de agresión tanto antes como despois da guerra Irmandiña e da batalla de Altamira, con varios momentos especialmente intensos como a política de terra queimada do Conde de Trastámara contra os arcebispos (1459-60), o asalto á vila de Noia e o secuestro do arcebispo Fonseca II por Bernal Eanes de Moscoso (1464-65), o posterior asedio da catedral de Santiago para forzar un rescate (1466), a toma de Vimianzo por Fonseca en 1471 ou o cerco de Alcobre en 1473.

Esta forma de loita tiña a vantaxe de acomodarse moi ben ás necesidades dos cabaleiros: permitía resultados rápidos e era económica en tempo e recursos, algo ben importante unha vez que as arcas fidalgas estaban sempre espidas.

No ritmo desta guerra influían tanto as dinámicas locais como as inimizadas persoais, os choques xurisdiccionais ou os sucesos da corte castelá así como o establecemento de pactos entre os contendentes. Despois da irrupción das irmandades, ás tradicionais vías guerreiras como solución aos conflitos engadiuse no bando dos cabaleiros unha nova fórmula: a conformación de alianzas.

A primeira foi concertada en 1470 contra Afonso de Fonseca e a súa aliada a marquesa de Astorga que querían organizar unha irmandade en Galicia seguindo as instrucións da Coroa. Nesa liga, asinada en Carboeiro en 1471, estaban moitos dos que despois veremos en Altamira: Pedro Álvarez de Soutomaior, Diego de Andrade, Sancho Sánchez de Ulloa, Sueiro Gómez de Soutomaior, Lopo Sánchez de Moscoso, Gómez Pérez das Mariñas, Pedro Álvarez Osorio –conde de Lemos–, Xoán de Zúñiga e Diego de Lemos.

Esta confederación nobiliaria tería a súa estrea na batalla de Altamira e nos acontecementos que lle sucederon, pero non rompeu esa dinámica de confrontación continua; contribuíu con todo ao nacemento dese novo panorama sobre o que se asentará a Idade Moderna en Galicia.

Os arcebispos de Santiago tiveron que admitir a presenza dos señores no seu territorio e estes entenderon que tiñan que acomodarse nuns límites; a nova administración real foi equilibrando a balanza de xeito que foi o desgaste dos contendentes e unha acertada intervención política o que levou á fin desa violencia.

Afonso de Fonseca II foi apartado de Galicia pola vía dun nomeamento importante na corte e os cabaleiros comezaron a orientar as súas ansias de ascenso cara á corte real e ás empresas bélicas da Coroa (Granada, o Mediterráneo); a Irmandade foi un instrumento efectivo de orde pública e o gobernador e os oidores da Real Audiencia do Reino de Galicia crearon unha instancia de xustiza na cal resolver os conflitos máis complexos e reclamar contra a arbitrariedade do poder señorial. En paralelo a todos estes feitos, foron mudando as circunstancias en Castela, onde os reis consolidaron o seu poder e comezaron a deseñar unha nova forma de entender o estado.



Torres de Altamira na actualidade

**A Maía:
labregos e
gandeiros
en mans
dos señores**

As torres de Altamira, solar dos Moscoso, enseñoraran as terras da Maía. Este val sitúase nas proximidades da cidade de Santiago e está cruzado por vías de comunicación que son vitais para o abastecemento e o comercio da capital. Por elas chegan a Compostela os peregrinos e os mercadores pero tamén os labregos e as labregas da contorna que van á cidade vender os seus froitos e as súas artesanías ou pagar os foros das terras que traballan. A cidade e a comarca están inevitablemente unidas.

O río Sar e os camiños que levan a Noia e a Bergantiños articulan un territorio que ten outros fitos significativos no río Tambre, os montes de Oleirón ou o camiño que une Santiago co sur de Galicia. A comarca antiga prolongábase cara á Ponte Maceira e contra Portomouro polo lado do Tambre e incorporaba a zona máis occidental de Calo.

A paisaxe que hoxe presenta está fondamente transformada, xa que está máis humanizada e o bosque ten pouca presenza. Desapareceron os campos de cereal (sobre todo centeo) que daban sustento ás familias e os montes que alimentaban importantes cabanas gandeiras, sobre todo nas terras altas como era o caso dalgunhas aldeas de Ames, Ameixenda ou Bastavales, que se destinaban á venda para o abasto de carne de Santiago ou para a súa venda nas feiras.

Para un visitante medieval serían significativos os campos de centeo e trigo, que se alternaban con terras en barbeito, as hortas próximas ás casas e a crecente presenza da viña. Todo organizado nun espazo máis ou menos próximo ás aldeas.

O mato —de bosque baixo ou árbores— era predominante porque o espazo cultivado era o xusto e a súa extensión fluctuaba, pois os cultivos nas estivadas son puntuais e teñen como finalidade completar os ingresos familiares ou dar acomodo a novas familias. Con todo, o uso do monte queda condicionado pola norma imposta polo señor do territorio e os costumes veciñais; é sobre todo para leña, madeira e pasto.

Nesa paisaxe de casaríos son maioría as casas de teito de colmo, con paredes de madeira e pedra, cos seus alpendres na eira, na que está tamén o celeiro que garda a colleita; ben preto sitúase a horta, e as terras máis axei-tadas dedícanse á viña que se arma en lata, deixando o emparrado para as proximidades das casas e a protección dos camiños.

A rede de poboacións que hoxe coñecemos estaba en formación, pois aqueles núcleos máis pequenos e arredados naceron nos tempos da bonanza do millo, pero vese xa a traza do que chegaría a ser: Alqueidón, Francos, Gontade, Pegariños, Piñeiro, Liñares, Bertamiráns, Pedras, Pedrouzos, Gasamáns... Aínda que a maioría son aínda unha morea de casares que queren ser aldeas e que se estruturan na rede parroquial actual⁵.

Hai algúns outros fitos significativos neste panorama. Sobresaen algunhas localidades, situadas en puntos estratéxicos do territorio: a Ponte Maceira e a Condomiña, compostas por unha man de casas, e posiblemente Alqueidón, que parece ter unha estrutura e unha actividade algo máis comercial. Documentáanse tamén algunhas construcións singulares como o pazo que hai no lugar da Mota en Perros (hoxe Os Ánxeles) ou o de Lamiño, a taberna de Gontade e a de Alqueidón, os muíños do Alqueidón, Riazó, Cortegada ou Trasouteiro.



Acceso ás torres

⁵A mellor fonte para coñecer a antiga Maía é a documentación publicada en J. García Oro e M. J. Portela Silva, «La Casa de Altamira durante el Renacimiento», Liceo Franciscano LII (2000): 381-1110.

Xa case fóra da Maía, o couto de Francos e o pequeno pobo que o encabeza é un emprazamento singular porque parece estar orientado, cando menos a finais do século XV, á actividade comercial. Ten sete vivendas agrupadas e sen terreos agrarios arredor contra 1492, o que induce a pensar nunha especialización da localidade, aproveitando a súa posición no camiño Santiago-Pontevedra. A partir do século XVI medrará até converterse na principal feira do partido de Altamira e unha das máis importantes da Terra de Santiago; nela atoparán saída as inxentes cabanas gandeiras das terras altas de Ames e Brión.

Os campos e os pobos articulábanse con camiños que unían as aldeas cos campos, coas vilas próximas ou coa igrexa. Era unha rede capilar sen a xerarquía diferenciada que hoxe percibimos. Algúns camiños hoxe fundamentais aínda non existían, como a estrada da Ponte Nova da Ponte Maceira ou a mesmísima AC-543, así que o itinerario interior a Muros e a Bergantiños facíase pola ponte medieval da Ponte Maceira á que se chegaba polo alto de Ventosa, Augapesada e Trasmonte no percorrido que hoxe chamamos Camiño de Fisterra. O camiño a Noia viña desde Santiago pola outra beira do Sar, que se cruzaba na ponte da Condomiña, e seguía cara ao lugar de Alqueidón para achegarse ao mosteiro de San Xusto de Toxosoutos.

O traballo do campo e o aproveitamento das oportunidades que a proximidade de Santiago e os camiños ofrecían determinan a economía da veciñanza. Os datos existentes apuntan a unha importante diferenza entre a riqueza dunhas parroquias e doutras, sendo máis modestas aquelas situadas en emprazamentos máis difíciles como Ameixenda ou Ermedelo, pero en conxunto a Maía é unha comarca próspera, cando a comparamos co resto da Terra de Santiago.

As familias labregas traballaban fincas que case sempre eran doutros propietarios a través de contratos de lonxuísimas duración chamados foros. A cambio dunha renda anual tiñan o dereito a explotar as terras.



A Maía no mapa
de Tomás López



Vista das Torres (2020)

O mosteiro de Toxosoutos, o cabido e o arcebispo de Santiago son os principais donos de terra, aínda que tamén están presentes outros conventos composteláns, a fidalguía da zona e mesmo algúns veciños e veciñas da cidade que buscan aquí ou ben rendas fixas ou ben produtos agrarios que poden meter –por seren colleita propia– na cidade sen pagar taxas.

A mediados do século XV boa parte destes foros eclesiásticos estaban xa xestionados pola casa de Altamira, que cobraba dos labregos parte do gran das colleitas, diñeiro en metálico e pequenos animais domésticos (porcos, cabritos ou galiñas). Os oficiais do conde recollen as rendas, que no caso do pan acostuman pagarse entre agosto e setembro.

As propiedades do cabido son das poucas que permaneceron administradas directamente pola institución e podemos seguir o seu rastro desde o século XIV até o XIX. As tenzas de Xoén e a Condomiña son as que agrupan a maior parte dos bens; delas reciben gran (centeio, sobre todo) e carneiros ou galiñas. A taberna de Alqueidón aséntase nunha casa do cabido, que recibe a cambio un xeneroso pago polo alugueiro.

Esas aldeas campesiñas estaban integradas nunha xurisdición, que era o distrito ou demarcación administrativa e política e pertencía a un señorío. Na Maía convivían dúas xurisdicións principais cuxos propietarios experimentan entre 1450 e 1490 un estado case constante de enfrontamento. Dunha banda está a que será a xurisdición das Torres de Altamira e doutra a que pertence aos arcebispos e se concreta nos distritos do Xiro da Rocha e da Maía.







A consolidación desa xurisdición vinculada a Altamira será precisamente unha das causas do conflito entre os arcebispos e os Moscoso, pois é un espazo señorial alleo ao mando eclesiástico que agroma —e con forza— ao pé de Compostela e que ten capacidade para controlar e ameazar dous importantes camiños.

O señorío dos arcebispos ten a súa cabeza visible no castelo da Rocha Forte, sito nas aforas da cidade, a cal defende polo sur. Nela teñen o seu referente as freguesías que se arriman contra o camiño de Pontevedra e as hoxe incorporadas nos concellos de Teo e Santiago. Até o ataque irmandiño ao castelo e a conseguinte destrución, a veciñanza do Xiro da Rocha ía ao castelo recibir xustiza e era alí onde se pagaban os foros e as taxas debidas aos prelados; despois acudirían a Santiago, ben á audiencia sita na Quintana, ben á casa dos mordomos arcebispais.

A de Altamira acabará tomando forma durante a segunda metade do século XV, unha vez que se constrúen as torres e se designan como cabeza do señorío nese territorio. Están suxeitas a ela as freguesías de Brión, Trasmonte, Lens, Agrón, Luaña, Cornanda, Perros (hoxe Os Ánxeles), Bastavales (as dúas), Ortoño e Bugallido, máis os coutos de Macedos, Francos e Salaño.

En recoñecemento do poder señorial os vasalos pagan algúns tributos específicos como son a lutuosa —cando falece o cabeza da casa— ou os colleitíos —polo aproveitamento do montemoitos deles tiñan obriga de traballar para os Moscoso, —;



Vista das torres dende o camiño (2020)

axudando no coidado dalgunhas viñas como as de Lamiño ou Cirro, servindo tarefas de vela nas torres de Altamira ou achegándolles recursos como leña ou herba para as bestas.

Os meiriños e os oficiais nomeados polos Moscoso usaban, no nome do seu señor, as atribucións políticas e administrativas: exercían a xustiza coa veciñanza destes lugares, vixiaban o bo estado dos camiños, miraban pola orde pública, recadaban os impostos ou comprobaban o correcto uso das pesas e das medidas. É unha labor complementaria á desenvolvida polos oficiais encargados de mirar polas propiedades, que respondían ante o mordomo e os administradores da facenda señorial.

A construción das Torres a mediados do século XV deu materialidade e visibilidade ao poder que exercían os Moscoso. Houbera con anterioridade unha torre, chamada da Mota, que uns expertos sitúan na Altamira actual e outros (con certa base documental) na contorna do lugar de Alqueidón; tería pertencido a unha antiga liñaxe acumulada da Maía pero cuxa pegada señorial estaba borrada no século XV.

As torres serán o centro da vida da xurisdición: alí teñen lugar as audiencias do meiriño ás que concorre a veciñanza para obter xustiza, alí recóllense as rendas e alí está o notario da xurisdición. Descoñecemos onde tiñan lugar estes actos tan vinculados ao exercicio do poder señorial con anterioridade.

Os arcebispos e os cabaleiros

A batalla de Altamira é o fito máis sinalado e lembrado dun conxunto de disputas que comezan cando os Moscoso centran a súa atención nas terras da Maía e fixan nela a expansión dos seus dominios.

A construción das torres –entre 1460 e 1464– intensifica as diferenzas entre esta liñaxe de cabaleiros e os arcebispos, pois a intromisión nobiliaria nun territorio tan próximo á cidade de Santiago é algo que os Fonseca non poden tolerar xa que é unha ameaza directa ao seu poder que se sitúa no corazón mesmo do seu territorio.

Os Fonseca entran na política galega en 1460 cando Afonso de Fonseca II é designado arcebispo de Santiago⁶. O nomeamento ten lugar cando é arcebispo de Sevilla outro Afonso de Fonseca, o seu tío, e xusto no momento en que Rodrigo de Luna, o arcebispo anterior, preparaba o asedio militar á cidade de Santiago que levabaalzada en armas contra el desde 1458 e que ultimamente aseñoraba o conde de Trastámara. O primeiro obxectivo do novo prelado sería recuperar o poder efectivo da súa cidade e o señorío o seguinte, instalar alí un equipo de goberno que restaurase a xustiza e a paz social.

Ese intre tormentoso é o que a historia elixiu para traer a Galicia os Fonseca, que deron á Igrexa compostelá tres arcebispos co mesmo nome: Afonso de Fonseca I, alcumado o Vello, arcebispo de Sevilla; Afonso de Fonseca II, o seu sobriño, que gobernaría case medio século; e Afonso de Fonseca III, fillo do anterior, que o sucedeu tras un interregno formal do cardeal Pedro Luis Borja⁷. En conxunto gobernaron a Igrexa compostelá –posuidora do maior señorío de Galicia– entre 1460 e 1524.

Nese mesmo 1460 o xefe da casa dos Moscoso era Bernal Eanes, cabaleiro que loitara denodadamente por asentar á súa liñaxe na Maía conseguindo de Rodrigo de Luna

⁶Afonso de Fonseca I fora arcediogo en Santiago antes de ser nomeado para a sé de Sevilla, pero non frecuentou a Igrexa compostelá.

⁷Curiosamente ningún destes persoeiros mereceu aínda un estudo biográfico en profundidade; a día de hoxe poden atoparse semellanzas máis ou menos completas en A. Franco Silva, «El arzobispo de Sevilla, Alonso de Fonseca el Viejo. Notas sobre su vida», Boletín de la Real Academia de la Historia CXVI (1999): 42-92; M. Vázquez Bertomeu, «El Arzobispo Don Alonso II de Fonseca, notas para su estudio», Cuadernos de Estudios Gallegos 47, 112 (2000): 87-131; M. Sendín Calabuig, El colegio mayor del colegio mayor del arzobispo Fonseca en Salamanca, Salamanca, 1977.

algúns territorios en feudo que ben cubrían os seus obxectivos. Non obstante, en 1458 uniuse á liga das cidades e vilas que se enfrontou ao arcebispo e conspirou para a súa expulsión de Compostela. Como pertegueiro maior da Terra de Santiago pretendía usar do seu poder para consolidar o crecemento dos Moscoso e para dar lustre con este cargo –o principal posto civil do señorío compostelán– a súa liñaxe.

A recuperación efectiva do poder e dos dereitos da Igrexa compostelá foi un obxectivo claro dos mandatos de Afonso de Fonseca I e o II. Loitaron coas armas, a diplomacia e o dereito por ese obxectivo, sobre todo Afonso de Fonseca II, que desde que chegou a Santiago en 1464 desenvolveu unha acción tras outra nese sentido; como ben diría unha das testemuñas do chamado preito Tabera-Fonseca, andobiera quinze o diez e seis años las armas vestidas y la lanza a caballo.

Pola súa parte, Bernal Eanes de Moscoso resistiu o que puido ese envite usando os mesmos métodos; para a súa liñaxe era crucial unha ampliación da base territorial e do prestixio. O posto de pertegueiro maior e o señorío da Maía eran a baza básica deste proceso xa que proporcionaría o prestixio do mellor posto de todo o señorío compostelán e as rendas derivadas do comercio e da rica agricultura da zona. Falecido en 1466, foi sucedido polo seu sobriño Lopo Sánchez de Moscoso, quen continúa a liña de esforzo do seu parente.

Afonso de Fonseca II e Lopo Sánchez de Moscoso serán os líderes dos dous exércitos que se enfrontarán ao pé das Torres de Altamira o día de Santo Antonio de 1471. Chegaron a ese punto tras unha serie de desacordos e enfrontamentos e saían del en distintas direccións pero sen terminar de pechar as súas diferenzas.

Afonso de Fonseca II é deán de Sevilla cando recibe o nomeamento compostelán e é aínda un home moi novo. Ante a complexidade da situación galega, o seu tío Fonseca I propuxo unha permuta temporal de sedes: el viría a Santiago poñer paz e o sobriño iría a Sevilla como administrador; rematados os problemas volverían ao lugar que a cadaquén lle correspondía. E así se fixo.

Os Fonseca

A Igrexa de Santiago é unha das máis importantes da Cristiandade porque custodiaba os restos do apóstolo Santiago, pero polas súas rendas e influencia política era tamén unha das máis cobizadas da Península Ibérica e por suposto do reino castelán.

Os Fonseca fixeran un primeiro achegamento cando Afonso de Fonseca I fora nomeado arcediago de Salnés, pero non chegou a concretarse, pois os seus intereses estaban na corte e na alta política do reino. É a cabeza visible dunha liñaxe en ascenso que florecerá no tempo dos Reis Católicos e entroncará daquela coa nobreza titulada⁸.

Son unha parentela de orixe salmantina, onde conforman un dos piares da fidalguía cidadá e un dos grupos máis influentes na vida política xunto cos seus parentes os Acevedo e Maldonado. Son fidalgos, letrados e eclesiásticos que sobresaíron de entre as oligarquías urbanas do reino de Castela grazas a exitosos servizos para a Igrexa e a Coroa. Serán bispos, arcebispos, cardeais, letrados, contadores e mesmo conselleiros reais. Nos confusos tempos da sucesión do rei Henrique IV emerxeron como unha das familias máis poderosas do reino de Castela e servirán con eficiencia nos máis altos postos da administración dos Reis Católicos.

En Galicia marcaron a transición entre o mundo medieval e o da modernidade. Afonso de Fonseca I, o Vello, retornou a Sevilla en 1463; o seu sobriño, o mozo sería arcebispo até 1507, cando foi nomeado patriarca de Alexandría; tras un breve lapso foi sucedido na cátedra compostelá polo seu fillo Afonso, que deixou Santiago para ir a Toledo en 1524.

⁸C. I. López Benito, *Bandos nobiliarios en Salamanca al iniciarse la Edad Moderna*, Centro de Estudios Salmantinos, 1983; B. Garrido Ramos, «Breve estudio sobre las familias Maldonado y Castillo en la ciudad salmantina de los siglos XVI y XVII», *ArtyHum: Revista Digital de Artes y Humanidades*, 24 (2016): 141-55. Sobre a rama galega, con máis detalle J. García Oro e M. J. Portela Silva, *Os Fonseca na Galicia do Renacemento: da guerra ó mecenado: estudio e colección documental*, Noia: Toxosoutos, 2000.

En 1460 Afonso de Fonseca II é designado para a sede compostelá, como xa se dixo; o nomeamento foi posíble seguramente grazas aos oficios do seu tío, co que comparte nome, que era arcebispo de Sevilla. As dificultades que experimentaba o vello Fonseca na súa relación co rei Henrique II e a extrema debilidade da posición arcebispal en Compostela, moveron a Afonso de Fonseca I a pedir un traslado provisional a Galicia e o nomeamento temporal do seu sobriño para Sevilla baixo o argumento de que a situación requiría de experiencia e man esquerda.

E así se fixo, como ben describiu o cronista Alfonso de Palencia: entre tío y sobriño, que pacificado lo de Santiago, se tornasen destrocár los arçobispados.

Fonseca I chegou á Terra de Santiago nese mesmo 1460; tiña a súa capital levantada contra el e tomada por Pedro Álvarez Osorio, que antes despoixara a Rodrigo de Luna e agora reclamaba o arcebispado para o seu fillo, o cóengo Lois Osorio. Don Afonso fíxose acompañar por un nutrido exército mandado polo seu irmán Fernando de Acevedo; cercou a cidade na primavera de 1461 e dobregouna en setembro dese ano.

Tras conquistar a súa capital comezou unha segunda fase en que instalou a xente da súa confianza á cabeza do goberno. Todo apunta a que na estratexia trazada para o triunfo militar e para os nomeamentos houbo negociacións a varias bandas.

Moi posiblemente, como ben afirma Carlos Galbán, a paz que logrou con Bernal Eanes de Moscoso foi a cambio de manterlle o título de pertegueiro maior da Terra de Santiago e de darlle licenza para construír (ou conservar) unha fortaleza na Maía, no lugar de Altamira.

En todo caso, o seu mandato foi breve e expeditivo no sentido de que, cumpridos os obxectivos de pacificar e orientar un cambio de rumbo, quixo recuperar a súa sé andaluza. O Fonseca máis novo plantou certa resistencia, pero ao cabo tivo que renderse á evidencia de que o seu posto era o de Compostela⁹; chegou a finais de 1463 ou a principios de 1464.

⁹O sobriño resistiu o que puido o traslado; a situación deu lugar ao famoso dito Quien fue a Sevilla perdió su silla, cuxa forma orixinal e histórica é Quien se fue de Sevilla perdió su silla en alusión ás dificultades do tío para recuperar o que era seu.

Afonso de Fonseca I



Retrato de Afonso de Fonseca I na Catedral de Sevilla



Afonso de Fonseca II

Tradicionalmente vense considerando como natural da cidade de Salamanca; é un home moi novo cando recibe o encargo compostelán en 1460. Segundo algúns autores estaba en Italia cando recibiu o nomeamento, posiblemente estudando, e segundo outros estaba xa en Sevilla, en calquera caso exerceu como administrador daquela igrexa en tanto o seu tío pacificaba a galega.

Chegou a Santiago a finais de 1463 ou a principios de 1464 dando comezo a mandato intenso en sucesos e transformacións. Rodeado de conselleiros e servidores ben formados e competentes modernizou a administración da Terra de Santiago e da arquidiocese compostelá e -tras moita guerra- recuperou para os prelados o goberno efectivo de moitos territorios, acadando naqueles casos máis conflitivos solucións de compromiso.

As diversas testemuñas do preito Tabera-Fonseca trazan un perfil bastante semellante da súa personalidade e o seu mandato: defendeu o que consideraba seu, mesmo polas armas, investindo niso moito capital e esforzo:



Lo tubo e conoſſio por muy buen perlado e grandisimo cristiano e por uno de los mejores letrados que avía en Castilla y gran clerigo y que trataba muy bien sus basallos y que regía y gobernaba bien su arçobispado, e que pedía y demandaba los vienes y azienda e patrimonio de la Iglesia de Santiago y los defendía ansi por justiçia como por su persona, porque muchas vezes este testigo lo bio poner su persona en mucho peligro e con él todos sus criados e serbidores que tenía; hespecialmente le vido yr en persona a la batalla de Altamira para pedir las tierras de la dicha Santa Iglesia y consigo mucha gente de caballo y de pie, en la qual le mataron mucha gente e corrió peligro su persona ... y le tenían gran odio los dichos caballeros porque les pedia las tierras y vienes que heran de la dicha santa Iglesia.



Sepulcro do arcebispo Fonseca II en Salamanca, obra de Diego de Siloé



ÁRBORE XENEALÓXICA DA LIÑAXE DOS FONSECA E ULLOA



 **Beatriz Rodríguez de Fonseca**

 **Gonzalo Ozores de Ulloa**

  **María Álvarez de Soutomaior**

 **Alfonso de Fonseca I**
(1418-1473,
arcebispo de Santiago
e Sevilla)

 **Fernando de Fonseca**
(+1463)

 **Inés de Moscoso e Castro***
ver árbore
dos Moscoso

  **Lopo Sánchez de Ulloa (+1465)**

 **María de Ulloa**
(+1506)

 **Sancho Sánchez de Ulloa**
(+ 1505, I conde
de Monterrei)

  **Tareixa de Zúñiga**

 **Diego de Fonseca e Acebedo**
(+1496, señor de Babilafuente)

  **Francisca de Zúñiga e Ulloa**
(+1526, II Condesa de Monterrei)

 **Afonso de Acebedo e Zúñiga**
(1496-1559, III conde de Monterrei)

Boa parte do seu mandato foi en efecto un tempo realmente tumultuoso que serviu neste territorio de transición cara á Idade Moderna. O seu enfrontamento cos cabaleiros que comían as rendas da Igrexa de Santiago foi aberto e violento por ambas as partes durante moito tempo, aínda que non se pode negar que conseguiu unha parte importante dos seus obxectivos.

A súa loita principal foi cos Moscoso –que querían aseñorar e facer castelo ás portas de Santiago– e con Pedro Álvarez de Soutomaior –que pretendía o control do sur do arcebispado, sobre todo da cidade de Pontevedra–. As guerras, as treguas e os sucesos nas liortas entre os tres personaxes seguen secuencias e ritmos en que se confunden as lóxicas da necesidade, a vinganza ou a estratexia militar e política pero que acabaron sumindo a Terra de Santiago nunha guerra permanente entre 1464 e 1480.

Fonseca II foi sempre o principal valedor da Coroa en Galicia, o que lle valeu o favor dos reis, o seu apoio contra as pretensións nobiliarias e a súa paciencia e benevolencia ante os abusos que (como o resto) cometía; non obstante rematou –como os cabaleiros– sendo un problema en si mesmo ao non ser quen de se acomodar aos novos tempos e á resolución pacífica das diferenzas.

En 1481 foi nomeado presidente do Consello Real e logo da Real Chancillería, o que suporía o seu traslado a Castela e á corte. Quedou o goberno do señorío nas mans dos seus axentes, que sempre foron homes competentes e formados.

Como gran señor que era o arcebispo contaba cunha nutrida comitiva de acompañantes e conselleiros na que convivían letrados e administradores cos capitáns e cos fidalgos que defendían o territorio polas armas. O seu principal capitán foi o seu irmán Lois de Acevedo, que se facía acompañar por fidalgos de distinta calidade e mesmo de tropas traídas de Castela.

Son unha desas liñaxes que emerxe a raíz da guerra civil en Castela aínda que as súas raíces son antigas; teñen o seu solar inicial no lugar de Moscoso en San Pedro de Ardemil, un núcleo patrimonial centrado na zona occidental da provincia da Coruña, arredor do camiño Santiago-Coruña e no antigo territorio de Trastámara.

Xa no século XIII emparentarán coa burguesía e fidalguía compostelá dos Vidal; logo serán os do Campo, Becerra e outras casas fidalgas¹⁰. No servizo da Igrexa ao longo do século XIV irán consolidando patrimonio e influencia pois foron quen de darlle cóngenos e oficiais pero tamén bispos e arcebispos como Afonso e Rodrigo de Moscoso.

Durante o século XV están sumidos nun esforzo por se consolidaren e, sobre todo a medida que avanza o século, por reorientaren a súas bases económicas e xurisdiccionais. Volveron a mirada a zonas máis dinámicas, como as proximidades de Santiago, nas que a recuperación do comercio e a actividade creaba novas oportunidades. Mediante compras e doazóns irán tecendo unha base territorial forte en zonas como a Maía ou Folgoso (Val de Barcia, na entrada á Coruña).

En paralelo, conseguirán independizarse das grandes casas señoriais coas que medraran nos séculos XIV e XV e emerxerán como unha liñaxe independente, con capacidade de relacionarse directamente tanto cos outros señores como cos arcebispos de Santiago. Ao tempo van fornecéndose de elementos que fagan visible a súa posición como liñaxe puxante e en crecemento sendo un deles a capela mandada construír por dona Constanza de Moscoso na ábsida da igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago, pois alí custodiáronse os corpos e a memoria de varias xeracións da liñaxe en monumentos de singular beleza e que aínda hoxe podemos contemplar; a construción de castelos —símbolo por excelencia do poder nobiliario— será outro deses sinais que proxectan a súa posición.

¹⁰Sobre a traxectoria desta liñaxe ver García Oro e Portela Silva, «La Casa de Altamira»; E. Pardo de Guevara y Valdés, «La Casa de Altamira y sus linajes en la Baja Edad Media. Viejas noticias y nuevos documentos», en Actas do I Simposio de Historia da Costa da Morte, Cee: Asociación Neria, 2000: 261-82.



O cronista Vasco da Ponte relata e caracteriza con bastante agudeza os cabaleiros que lideraron a casa dos Moscoso, dedicando máis espazo a Bernal Eanes e a Lopo Sánchez¹¹. Eran os máis próximos no tempo e xa que logo a súa lembranza estaría máis fresca nos informantes do escritor, pero non é menos certo que con eles a casa chegou ao seu cumio nos tempos medievais.



San Domingos de Bonaval. Capela maior

¹¹Un relato máis equilibrado sobre as fazañas dos cabaleiros desta casa, contrastado con outra documentación, en García Oro e Portela Silva, «La Casa de Altamira».

Bernal Eanes de Moscoso acadou á xefatura da casa tras o falecemento do seu pai Rodrigo de Moscoso en 1458, nun momento en que, segundo Vasco da Ponte, a liñaxe estaba nunha situación delicada:

Aunque a Bernal Díaz, hijo mayor, todos le obedecían; pero con la poca renta era pobre, pero como todos le ayudaban, era confradado con Fernán Pérez de Andrade, que le ayudaba cada año con dinero. Era un caballero muy bravo y esforzado y muy discreto, que ningún temor tenía de cosa que quisiese hacer.

Nese mesmo ano conspirou abertamente co concello de Santiago e con outras vilas e cidades do señorío e diversos cabaleiros contra o arcebispo Rodrigo de Luna, na busca de oportunidades para a súa casa. De resultas destas presións o prelado acabou ofrecéndolle a man da súa irmá Xoana, o posto de pertegueiro maior da Terra de Santiago —que significaba ser o primeiro cabaleiro do territorio— e os títulos de feudo dalgunhas freguesías. Neste momento os Moscoso acadan o cumio social dese señorío, que era o máis importante de Galicia. O falecemento de don Rodrigo foi prematuro e non deixou tempo para consolidar o conseguido. Por iso no tempo dos Fonseca Bernal Eanes e os sucesores teimaron no recoñecemento da súa liñaxe e do seu patrimonio.



Sepulcro de Vasco López de Ulloa en Bonaval

Tras un breve interludio protagonizado polo seu irmán Álvaro Pérez de Moscoso, el qual no hiço façañas, herdou a casa o seu sobriño Lopo Sánchez de Moscoso ou de Ulloa –fillo de Vasco López de Ulloa e Inés de Castro, irmá de Álvaro e Bernal—. Di Vasco da Ponte que aínda era moi novo e que de feito estaba en Castela, onde a súa nai o levara para protexelo; conta tamén o cronista que foron os fidalgos da casa os que apoiaron a súa sucesión, seguindo o disposto polo seu tío:



Viendo los hidalgos de la casa de Moscoso que no había heredero más propinquo en ella que él (y sobre todos García Martiz de Barbeyra, que era el principal, y García Pérez de Costela, que era el amo que lo criara al conde), acordaron de lo sacar de Castilla y así se hiço. Y traído a la tierra, alçáronlo por señor.



Corría o ano 1468 e florecía na Terra de Santiago a nova orde imposta polas irmandades que derrubaran castelos e expulsaran os malfeitores. Por iso, un dos feitos do novo señor foi unirse á alianza señorial que derrotou os irmandiños e que reinstaurou o poder dos señores en 1469. Viviuse logo un breve tempo de paz, pois pronto o arcebispo Fonseca comezou a reclamar os bens usurpados polos Moscoso, iniciando o conflito que daría lugar á batalla de Altamira.

O mozo seguiu o consello dos fidalgos principais da súa casa, como relata Vasco da Ponte, nos momentos relevantes e participou nas liortas e cabalgadas protagonizadas tanto polos seus como polos cabaleiros que compartían a súa causa.




Casou con Constanza Gómez das Mariñas, filla de Gómez Pérez, pero tivo que renunciar a esa unión para selar as paces co arcebispo Fonseca e casar coa súa irmá Aldonza, aínda que parece que ningún dos matrimonios se axustaba ao estándar da época:

Entonces trataron casar a Doña Constanza, filla de Gómez Pérez con este conde Don Lope Sanchez de Moscoso, el qual digo que allende de tener todo lo suyo con las beatrías que llevaban sus antecesores, tenía tomado al arçobispo Padrón con todas sus tierras, y a Malpica y a Fistera y a Mojía; y cuando quería y se pagaba, entraba con el arçobispo en la ciudad de Santiago y arrequiejábalo en la iglesia mayor... asta tanto que el arçobispo se concertó con él de le haçer feudo de Cira, con más que le dió la pertiguería —no diré quanto tiempo—, porque dejase a su muger Doña Constança, y así se hiço. Y algunos diçen que esto se hiçiera porque este conde Don Lope no era hombre para muger, y que la Doña Costança no le quería por marido. Sería por todo. El arçobispo lo casó despues con Doña Aldonça de Açevedo, su hermana, que fue aquella condesa de Altamira que se enforcó en Santiago... Este casamiento fecho, desde pocos meses fueron otra vez desconçertados el arçobispo y el conde don Lope...



Faleceu en 1500 outorgando o seu testamento nas Torres de Altamira. Del di Vasco da Ponte:

Este conde don Lope era franco, esforçado y gran façedor de merçedes, y trataba muy bien a los que le sufrían y servían bien, a los de otra manera era muy cruel. Y creía más de lo que era; y los que por la primera se sabían guardar, no siendo el mal cuanto deçian dellos, despues bien libraban... Desde este conde se reconçilió con Dios se fue a absolver a Roma de las cosas que havia fecho contra Santiago... Enterráronlo en Santo Domingo de Santiago.



Vistas dos restos das torres







Debuxo escudo s. XIX

Unha relación tormentosa

Como xa se expuxo antes, a relación dos arcebispos Fonseca cos Moscoso foi dificultosa desde o momento mesmo da chegada dos prelados a Galicia, sendo dous os maiores puntos de fricción: o cargo de Pertegueiro Maior da Terra de Santiago, que os cabaleiros pretendían como propio e hereditario, e a construción das Torres de Altamira.

Afonso de Fonseca I conseguiu a pacificación do arcebispado polas armas pero tamén negociando. Todo apunta a que unha das concesións foi a tolerancia ou a autorización para a construción ou a reedificación dalgunhas fortalezas (Altamira, Rianxo); outra debeu ser posiblemente a confirmación a Bernal Eanes de Moscoso do título de pertegueiro maior da Terra de Santiago.

Pacificado o arcebispado tras a intervención do seu tío, Fonseca II comezou a tomar o pulso do seu señorío empezando polo nomeamento dos oficiais máis importantes, isto é, aqueles que deben exercer o poder eclesiástico (o provisor) e civil (o pertegueiro maior) no seu nome. Os elixidos foron persoas da súa confianza persoal, chegados con el de Castela.

A designación do pertegueiro abriu o conflito con Bernal Eanes de Moscoso, que se consideraba con dereito a seguir no cargo que lle dera Fonseca I, así que, nunha xogada maxistral, o arcebispo creou o cargo de alcalde maior, que restaba competencias ao pertegueiro, e doullo ao seu parente Rodrigo Maldonado.

Bernal Eanes tomou a vía da hostilidade indirecta cara aos prelados con roubos e «malfeitorías» desde Altamira e outras fortalezas contra os vasalos do arcebispo. Pero tamén empregou outros medios.

Asaltou unha noite de finais 1464-65 a vila de Noia e o castelo arcebispal do Tapal para secuestrar a Fonseca e tróuxoo preso durante meses e por diversos castelos, entre eles Altamira, para forzar un acordo de rescate que incluíra cartos, o nomeamento e condicións beneficiosas para a súa casa. Para reforzar a presión acabou asediando a catedral, secuestrando dentro dela boa parte do cabido; aseñorou a cidade durante unha tempada até que morreu dunha setada lanzada por un defensor da catedral (1466). Ao cabo, Fonseca foi desterrado da Terra de Santiago, un rescate pagado e diversas peticións concedidas.

A morte de Bernal Eanes (1466) e o levantamento irmandiño (1467-69) trouxeron unha tregua á tensa relación entre ambos os bandos que se uniron xunto coas outras liñas do reino para facer fronte á ameaza irmandiña. Recuperada a paz, retornaron os conflitos, posto que uns e outros pretendían aproveitar a debilidade do adversario.

En calquera caso, en 1470 Fonseca retomou o esforzo de rescatar de xeito efectivo o poder señorial dos arcebispos e reclamoulles aos cabaleiros —entre eles os de Altamira— os bens e os dereitos que lle tiñan usurpados. Agora o arcebispo tiña o apoio e favor do rei, así que moveu rápido as súas fichas.

Pola súa banda, os Moscoso —agora capitaneados por Lopo Sánchez— buscaban consolidar o conseguido, entre outras cousas a fortaleza de Altamira, pois xa era cabeza e sede da súa xurisdición máis relevante. E se xa antes do levantamento irmandiño a situación da fortaleza de Altamira era problemática, agora os ollos do arcebispo estaban postos nela; o prelado reclamaba a este cabaleiro todo lo que el tenía. A ameaza era evidente e estaba dirixida ao corazón da casa de Altamira e ás súas bases sociais e económicas; loitaban pola supervivencia.

Lopo Sánchez era novo, pero estaba aconsellado por fidalgos experimentados e fieis á liñaxe; un deles, García Martiz de Barbeira, foi nomeado polos outros escudeiros capitán mayor. Outros dous, García Pérez de Costela e Fernando Álvarez de Carantoña, que era hombre de gran seso y pocos había de más consejo. Foron eles os que aconsellaron a estratexia que debía seguir e os que dirixiron o groso das operacións militares; hai que pensar que tiveron tamén gran protagonismo no artellamento (no nome do seu señor) da liga dos cabaleiros contra Fonseca.

Os cabaleiros afectados pola ofensiva arcebispal eran Lopo Sánchez de Moscoso, Pedro Álvarez de Soutomaior, Diego de Andrade, Sancho Sánchez de Ulloa, Sueiro Gómez de Soutomaior, Gómez Pérez das Mariñas, Pedro Álvarez de Soutomaior, Xoán de Zúñiga e Diego de Lemos. Xuntos concertaron unha alianza en novembro de 1470 que renovaron no mosteiro de Carboeiro en febreiro do ano seguinte.

En paralelo, Lopo Sánchez ordena a reconstrución de Altamira e doutras fortalezas e retómase a guerra de guerrilla da década anterior nunha espiral que terá a súa catarse na batalla ao pé das torres.

O castelo e xurisdición de Altamira

O dereito a conservar as Torres e a exercer o poder no territorio da Maía foi motivo de desacordo entre os Moscoso e os arcebispos e a razón directa da batalla que tivo lugar o 13 de xuño de 1471.

Eran irrenunciabes para os cabaleiros, posto que son a mostra visible da súa posición no cumio social de Galicia. Eran inadmisibles para os prelados que comprenderon a ameaza que significaba ter un castelo, co que iso supón de control de territorio, soldados etc., ás portas de Santiago.

As bases territoriais e políticas dos Moscoso xorden da agregación de bens e dereitos sobre aqueles vinculados ao solar de San Pedro de Ardemil. A través de compras, permutas, herdanzas e matrimonios foron ampliando o dominio inicial, nos séculos XIII e XIV dun xeito un pouco disperso e no XV de maneira decidida e con criterio de crear zonas máis compactas e ordenadas en que optimizar os esforzos de administración e control.

Na xurisdición da Maía, herdaron bens que foran dos Vidal —que no século XIII e XIV foron unha parentela da alta burguesía compostelá— e os do Campo —relevantes a principios do XV—, pero sobre todo gozaron dos que pertencían aos Mariño de Lobeira. No século XV o ascenso social tivo o seu reflexo neste aspecto xa que os matrimonios foron realizándose tamén con parentelas máis acaudaladas como os de Ulloa ou as dos arcebispos, do que redundou na obtención de máis feudos e propiedades. Tamén se situaron como intermediarios nos foros das entidades eclesiásticas, o que lles permitía ampliar as rendas. Así, o núcleo inicial máis importante de bens na zona da Maía —que fora o herdado dos do Campo que os compraran dun Mariño da Maía, propietario do castelo da Maía—, sería ampliado no século XV con foros de entidades eclesiásticas, bens dos Mariño de Lobeira e outras adquisicións planificadas.

Os
Moscoso
na Maía

Descoñecemos que edificación empregaban os Moscoso como centro do seu señorío da Maía con anterioridade á construción das torres. Tense falado de que poderían ter usado a vella torre chamada da Maía; outra opción manexada polos expertos é o recurso a algún pazo ou casa grande, como o que tiñan en Lamiño.

O documento dado en 1388 no que Bernal Eanes do Campo –antepasado dos Moscoso do século XV– compra os bens da Maía fala da existencia dunha fortificación pero non se pode identificar a súa localización. Pode ser, polo tanto, que dispuxesen dalgún tipo de fortificación na zona desde a que xestionaban o señorío. Podería ser tamén que usaran a vella mota do Alqueidón, que cita a documentación capitular tamén no século XV ou mesmo unha «Torre Vella» que estaba en Urdilde.

Dada a proximidade a Santiago e a circunstancia de que desde 1180 non se poden construír fortalezas na Terra de Santiago sen permiso do arcebispo, induce a pensar que é moi difícil que existise un castelo señorial que non deixase pegada documental.



Pazos na Maía segundo Carlos Galbán

Eduardo Galbán apunta acertadamente ao uso de edificacións civís, de maior tamaño que as casas labregas e de mellor calidade (pedra), ás que os documentos medievais denominan pazo¹². Hai varios na zona que podemos vincular no século XV aos Moscoso ou ás liñaxes próximas como son os de Guldrís, Trasouteiro e Leboráns; e cando menos un que foi deles, o de Lamiño. Nestas construcións acostuman residir neste tempo as liñaxes menores asentadas nun territorio concreto, reservándose para as casas principais a construción de torres ou castelos. Este podería ser o caso dos Moscoso que realmente non acadaron relevancia na Maía até o tempo de Bernal Eanes; usarían algún pazo (Guldrís, Lamiño ou Trasouteiro) e construírían e trasladaríanse ás torres cando o seu status o fixo conveniente e as circunstancias o facilitaron.

As Torres de Altamira nacen cos Moscoso e representan o seu poder na xurisdición, na comarca e —dado o seu empraizamento— no conxunto da Terra de Santiago. Eran imprescindibles para facer visible e materializar o seu señorío, pois máis alá do edificio e das funcións nela acollidas, a fortificación encarna valores simbólicos inherentes ao poder do seu dono.

Nelas aséntase a administración señorial e están baixo o coidado dun escudeiro de absoluta confianza do señor, como é o caso de García Pérez Costela, que foi meiriño e casteleiro dela unha tempada e de quen estaba ao seu cargo non só a vixilancia e o coidado do edificio, senón tamén da xurisdición que desde alí se goberna.

¹²Para o referido á organización do señorío dos Moscoso, as fortificacións ou os acontecementos dese tempo é enormemente útil a obra de C. Galbán Malagón, *Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira*, Universitat de Barcelona, 2011 [dispoñible en <http://www.tesisenred.net/handle/10803/31959>].



ÁRBORE XENEALÓXICA DA LIÑAXE DOS MOSCOSO, SEÑORES DAS TORRES DE ALTAMIRA

S. XIII
 **Pedro Vidal**
casou con Teresa Sánchez de Ulloa

S. XIV
 **Lopo Pérez de Moscoso**
casou con Maior de Novoa

 **Fernando Sánchez de Moscoso**, pertegueiro maior da Terra de Santiago
casou con Maior Fernández Becerra

 **Martiño Sánchez de Moscoso**
casou con Orraca Rodríguez do Campo

S. XV
 **Roi Sánchez de Moscoso (1402-1456)**, pertegueiro maior da Terra de Santiago, Señor de Altamira
con Maior de Soutomaior

 **Roi de Moscoso (1420-1458)**, pertegueiro maior da Terra de Santiago, Señor de Altamira
casou con Xoana de Castro

 **Bernal Eanes de Moscoso**
(+1466), pertegueiro maior de
Santiago, señor de Altamira
casou con Xoana de Luna

S. XVI



Escudo Moscoso



Escudos Urraca Moscoso

 **Álvaro Pérez de Moscoso**
(+1467)

 **Inés de Moscoso**
casou con Vasco López
de Ulloa

 **Urraca de Moscoso**
casou con Pedro Osorio



 **Lopo Sánchez de Moscoso**
(+1504), I Conde de Altamira
casou con Constanza das
Mariñas e Aldonza de Acevedo

 **Rodrigo Osorio de Moscoso,**
II Conde de Altamira
casou con Tareixa de Andrade

 **Lopo Osorio de Moscoso, III Conde de Altamira**
casou con Ana de Toledo

 **Rodrigo de Moscoso (+1572), IV Conde de Altamira**
casou don Isabel de Castro e Andrade



A fortaleza
s. XVIII,
Arquivo Histórico
Nacional

A fortaleza de Bernal Eanes

Todo apunta, como ben afirma Eduardo Galbán no seu estudo, a que a fortificación de Altamira foi levantada por Bernal Eanes no tempo do arcebispo Fonseca ¹³. Non hai evidencia, segundo os datos arqueolóxicos coñecidos, dunha edificación anterior, aínda que hai estudosos que apuntan a unha torre construída no século IX e outros defenden a existencia previa dun poboado castrexo. As informacións contrastadas sinalan como primeira data incuestionable o ano 1462, cando Bernal Eanes outorga unha escritura e fai constar a súa presenza nas Torres de Altamira. Dado que o permiso debeu obtelo do arcebispo Fonseca I, hai que pensar na súa construción entre 1459 e 1463, ben porque o prelado legalizou unha obra en marcha, ben porque autorizou a obra.

Os restos arqueolóxicos apuntan a unha fortificación que se axusta no fundamental ás construcións baixomedievais e tamén relatan a historia dun edificio con diversas fases construtivas.

É unha estrutura relativamente sinxela conformada por unha torre de homenaxe e unha cerca cuxo perímetro se adapta á orografía do emprazamento. A construción vai asentada sobre unha plataforma de terra –un pequeno monte artificial– que se conformaría preparando e igualando o terreo e que serviría para separar e defender o conxunto; de aquí a cualificación de mota que recibe nalgún documento. Fóra deste recinto había, posiblemente, algúns parapetos de terra e foxos dos que hoxe non queda pegada.

A torre era unha construción –polos restos que dela quedan– de boa calidade, con muros de cantería, un soto e polo menos un andar ao que se accedía desde un pasal aberto no adarve da muralla.

¹³Sobre a historia, a caracterización, as fases evolutivas da fortaleza de Altamira e, en xeral, sobre as fortificacións dos Moscoso ver C. J. Galbán Malagón, «Evolución constructiva de la fortaleza de Altamira, del documento escrito al edificio», en *Actas del Sexto Congreso Nacional de Historia de la Construcción*: Valencia, 21-24 de octubre de 2009, Valencia: Instituto Juan de Herrera, 2009: 533-544. Aínda que doutro perfil radicalmente diferente é tamén moi interesante o traballo de J. Tettamancy Gastón, «Altamira», presente en diversos números da revista *Vida Gallega* ao longo dos anos 1917 e 1918.

Os testemuños non deixar lugar a dúbidas: o castelo dos Moscoso foi derrubado polos continxentes da Irmandade, aínda que descoñecemos a magnitude dos danos. Contrariamente á imaxe tradicional, que pensa na destrución total das fortalezas até os cimentos, este operativo era moi lento e custoso cos medios da época, polo que apenas chegou a poñerse en práctica.

O máis común era derrubar e dismantelar todo o aparato militar, ofensivo e defensivo: abrir un bo furado na cerca exterior, escachar a torre ou facela caer parcialmente, queimar ou desarmar a obra en madeira (garitas, matabáns, barbacás, alpendres e construcións interiores...), derrubar o esquinal dos muros ou da torre etc. O obxectivo era inutilizala e que non seguisen sendo niños inexpugnables de malfeitores.

Para conseguiren este fin, os exércitos irmandiños aplicaban as técnicas habituais na época: disparos constantes de proxectís de pedra desde trabucos e construción de minas ou túneles que se facían chegar ao pé da cerca e nos que se prendía lume para provocar a caída dos muros. Unha vez dentro procedíase a rematar o traballo eliminando aqueles elementos que se considerasen perigosos.

Algo diso é o que debeu suceder no caso das Torres de Altamira, aínda que non sabemos cal foi o procedemento empregado no dismantelamento. Posiblemente tivo lugar a destrución dunha parte do muro e a desmontaxe dos elementos ofensivos e defensivos da propia torre porque, como sucedeu no caso doutros castelos, axiña foi refortificado dun xeito efectivo cando foi necesario.

Podemos supoñer tamén que foron as irmandades compostelá e da xurisdicións da Maía e Altamira as causantes da destrución.



Torres 1840

TORRES






ALTAMIRA



Os castelos de Lopo Sánchez: a refoma integral

A batalla de Altamira supuxo para os Moscoso a consolidación do dereito a posuír ese castelo. Por iso non tardaron en renovar a fortificación na súa totalidade: construíronse novas edificacións, adaptáronse os elementos ofensivos e defensivos ás novas formas de guerra (armas de fogo) e acomodouse o conxunto aos novos usos que se pretendían. O castelo quería ser o solar dun morgado poderoso, así que ademais de defender á casa debería reflectir o seu poder e o seu prestixio.

Diversas testemuñas do preito Tabera-Fonseca coinciden en afirmar que Lopo Sánchez mandou refacer as fortalezas que lle desmantelara a Irmandade, e tamén son unánimes ao indicaren que unha parte dos gastos foi sufragada por un repartimento fiscal feito entre os vasalos do señorío. Tamén din que o cabaleiro contratou xente experta (oficiais e canteros) para a reconstrución de Altamira; descoñecemos a súa cualificación ou procedencia, aínda que unha das testemuñas do preito Tabera-Fonseca afirma que viñeran de Padrón, e polas marcas de canteiros sabemos que foron equipos que colaboraron tamén no castelo de Rianxo. O conde pagou os traballos do seu peto, aínda que moitos vasalos da comarca traballaron na obra, cumprindo así o servizo de serventía (sobre todo de transporte con carro) que debían ao seu señor. A cambio do traballo recibían a comida, que era ofrecida polo mordomo señorial.



As torres a mediados do s. XIX; vista dunha das torres, garita e canzorros que suxeitaron os matabáns

Vista dunha das torres presentada na obra de Tettamancy
(1917-1918)



As noticias de Vasco da Ponte e as fotografías antigas retratan unha fortificación imponente, na que un bo aparato militar se combina con usos residenciais. Para mellorar a súa capacidade ofensiva e defensiva armáronse unha nova torre ao oeste e unhas garitas, foron reforzados os muros para resistir mellor os trabucos, ergueuse un alambor no pe da torre –para mellor resistir os proxectís e que esvasasen contra o inimigo– ou fixéronse desaparecer os ángulos mortos. As novas dependencias residenciais e administrativas acomodáronse contra o muro este e logo compartimentáronse e acomodáronse.

Foron traballos en varias fases que trouxeron unha ampliación da fortificación dándolle un cariz diferente e unhas funcionalidades máis diversificadas. Será o espazo onde se exerza o poder –por iso haberá unha sala de audiencias– e continúa sendo un espazo militar –conservará a torre e a cerca e mesmo será reforzada cos novos aditamentos defensivos e ofensivos– pero terá tamén un uso administrativo e residencial –ao engadírselle unha edificación deste tipo encostada ao muro–. Todas estas funcións e estes valores articúlanse a partir do patio de armas, que é a única zona verdadeiramente pública. De fóra o castelo proxecta poder; desde o patio, os escudos coas armas da liñaxe ou os soldados que custodian as instalacións despiden esa mesma sensación, pero xa ligada aos señores do castelo.

Torres 1931





O ciclo histórico das torres remata no século XVI, cando foi minguando o seu lugar como símbolo da casa condal. A perda de significado e utilidade foi progresiva unha vez que, en 1535, os condes trasladan a súa residencia principal a Santiago; tomou o relevo o pazo de Trasouteiro —que pasaría a acoller o núcleo da administración— aínda que conservou algunhas funcións (cárcere e arquivo).

Co tempo foron abandonadas e entraron en ruína até que acabaron sendo vendidas en 1872 e convertidas nunha enorme canteira cuxos materiais foron postos á venda. Hoxe hai pedras desta magnífica construción en toda a contorna, achándose boas cantidades delas na capela de Santa Minia e na parroquial de Brión.

A súa recuperación chegou da man da Deputación Provincial da Coruña, que comprou a parcela e as torres en 1973 e procedeu á consolidación e á preservación das estruturas que quedaban.

O momento decisivo: A batalla de Altamira

Quel dicho señor Patriarca en el tienpo que fue perlado desta Sancta Iglesia de Santiago el testigo bio que defendía y trabaxaba de defender los vienes y patrimonio de la dicha Sancta Iglesia de Santiago y por ello abía tenido guerras y desengiones con los caballeros de su arzobispado y otros caballeros que les ayudaban y abía resçibido muchos trabaxos y daños y gastos y que ponía su persona y de sus parientes y criados muchas vezes en peligro; en espeçial en la batalla de Altamira que obo con el Conde de Altamira y con los caballeros que le ayudaron, que heran todos los mas que abía en Galizia, en la qual batalla el dicho señor Patriarca corrió mucho peligro de ser muerto o preso y donde fueran muchos muertos de su parte y otros presos y despojados.

Así resume unha das testemuñas do preito Tabera-Fonseca as causas e o desenvolvemento da batalla de Altamira: os grandes cabaleiros de Galicia plantaron cara a Fonseca buscando defender os bens e os dereitos que –por gozalos durante un longo tempo ou por gañalos á forza e confirmado por títulos de reis ou de prelados anteriores– consideraban seus; e un arcebispo que imbuído das novas formas de goberno –centralizado, racionalizado e máis suxeito a dereito– quere recuperar o poder real e as riquezas do seu señorío.

O choque catártico tivo lugar o día 13 de xuño de 1471 e, aínda que o enfrontamento principal foi ao pé das Torres de Altamira, supuxo non só a confrontación de dous exércitos, senón que se desenvolveu como unha sucesión de eventos que implicaron diversos continxentes, diferentes protagonistas e distintos escenarios, sendo en realidade unha sucesión de varios choques e entretempos: a reconstrución do castelo polos Moscoso, o primeiro asedio por parte de Lois de Acevedo, o segundo asedio comandado polo propio Fonseca, a conformación do exército nobiliario e a concentración en Augapesada, a escaramuza na Ponte Maceira e, finalmente, o choque a campo aberto baixo as torres.

Os contendentes

A batalla foi vista, sobre todo da parte dos cabaleiros, como un golpe se non definitivo si importante ás ambicións arcebispais de recuperación do control efectivo no seu señorío. Por iso non foi un enfrontamento dos Moscoso contra o arcebispo Fonseca, senón do conxunto da nobreza da Terra de Santiago contra o prelado. Por este motivo vemos no bando dos cabaleiros fidalgos que até entón estiveran en bandos diferentes e por iso quedou gravado na memoria nobiliaria —esa que reflicte Vasco da Ponte— como un fito senlleiro das persoas e as liñaxes que se confrontaron naquela xornada.

Vasco da Ponte e as testemuñas do preito Tabera-Fonseca, xunto con outra documentación da época, ofrecen algunhas pistas sobre a composición dos dous exércitos que se conformaron dun xeito bastante similar. Encabezados polos cabaleiros enfrontados (Fonseca e Moscoso cos seus aliados), estaban estruturados nos corpos básicos de guerra (cabalaría e infantería) recrutados entre os fidalgos que servían e apoiaban cada unha das casas e os peóns chamados entre o pobo e as vilas ao servizo militar da mesnada do seu señor.



Armas dos Fonseca

Na mesnada arcebispal servían os vasalos da súa casa, tanto os fidalgos coa súa xente de guerra como —de ser o caso— os homes das xurisdicións recrutados como peóns; seguramente neste exército había tamén tropas mercenarias das que chegarían con Fonseca en 1469 cando volveu de Castela para derrotar a Irmandade.

O exército do arcebispo Fonseca viviu mobilizado case de xeito permanente desde o mesmo momento que chegou a Galicia. Desde os seus castelos e as súas casas fortes ou desde os cuarteis xenerais de Santiago saían cara a onde era necesario ben para operacións de desgaste do contrario, ben para golpes máis ou menos relevantes. O líder indiscutible é Lois de Acevedo —o capitán mayor, que dirá Vasco da Ponte— que estaba acompañado nestes traballos polos escudeiros da casa arcebispal.

Estes fidalgos, que serven o prelado con lanzas (cabalaría pesada) e a infantería dos seus vasalos, son nobres medianos asentados na Terra de Santiago como Estevo de Xunqueiras, Tristán de Montenegro, Gregorio de Valadares, Roi Fernández de Nogueirol, Xoán Mariño de Lobeira, Gonzalo López de Riobó ou Bartolomé de Baamonde; mesmo había algún que antes estivera cos Moscoso como Lopo de Cádavo. Significativa é a presenza no seu bando de Afonso de Lanzós, o fidalgo que capitaneou un dos exércitos irmandiños e que acabou sendo mestresala do arcebispo. Refire Vasco da Ponte que había tamén cabaleiros que eran parentes do prelado, aínda que non dá os seus nomes (en que venían dos Maldonados, y dos Fonsecas, y dos Azevedos, muy buenos hombres).

Vasco da Ponte relata con certo detalle a intervención destes cabaleiros nas liortas nos tempos previos e posteriores á batalla e por iso podemos confirmar a súa presenza nalgúns momentos chave. Estevo de Xunqueiras foi con Lois de Acevedo asediar por vez primeira as torres, buscando poñer fin á súa reconstrución, e tivo alí agrias palabras co seu defensor García Martiz de Barbeira; recuncou máis tarde nun conato de asedio, resultando ferido (dieron a Esteban de Junqueyras una gran cantonada en que lo sacaron sobraçado).

O continxente arcebispal

Na xornada da batalla definitiva, o exército arcebispal era ben numeroso, aínda que unha parte del destacouse á Ponte Maceira para parar a García Martiz:



El se fue a Santiago donde juntó la más gente que pudo, que serían treçientas lanças y algo más de gallegos y de castellanos muy bien armados... Los peones siempre serían çinco mil o al pie de ellos. Y llevando mucho bastimento fue a çercar a Altamira, poniéndole dos trabucos, tirándole noche y día.

Na fronte delas marchaba o propio arcebispo, como ben relatan varias testemuñas do preito Tabera-Fonseca:



Fue muy buen perlado solçito y baleroso y defendedor de los vienes, vasallos y jurisdicçiones de la dicha Sancta Iglesia y los pedía y demandaba a los caballeros y personas que xe los tenían e sobre ellos traía pleitos y diferençias y contiendas y guerras con caballeros del dicho su arçobispado en las quales guerras y diferençias dize que le vido que ponía su persona y de sus deudos y criados en muchos peligros y arriscos, en espeçial le vido yr en persona contra el conde de Altamira en lo qual corrió mucho peligro el dicho señor Patriarca de su persona e le mataron mucha gente de la que con el yba lo qual fuera quando la guerra de Altamira...

Obiera con el guerra y batalla cabe de la fortaleza de Altamira en la qual vido quel dicho señor Patriarca fuera en persona e con muchos criados y parientes suos y basallos y otra gente en la qual batalla el dicho señor Patriarca corriera peligro de muerte y le mataran mucha gente de los que con el yban e que en todo ello gastaba mucho pero no sabe el testigo lo que podia gastar...

Cal foi o papel real do arcebispo na batalla? Iso é algo que non podemos clarificar, aínda que é ben certo que a esta altura da súa vida tiña unha certa experiencia militar; sabemos tamén que estaba acompañado polos seus máis importantes escudeiros, aínda que o seu xefe de armas –o seu irmán Lois– estaba entretido na Ponte Maceira.

A estratexia e o peso da loita caeu en mans, polo tanto, dos escudeiros e dos fidalgos da casa arcebispal. Vexamos brevemente quen son algúns deses homes que o acompañaron en Altamira.



Os escudeiros do arcebispo

O home máis importante deste bando, máis alá do arcebispo, é Lois de Acevedo, o seu irmán e home forte do arcebispado. As fontes documentan o seu inquebrantable apoio ás pretensións de Afonso para a sé compostelá, sendo el o brazo executor da forza. Foi el quen secuestrou o cabido en 1466 para forzar un rescate co que pagar o que Bernal Eanes pedía polo arcebispo.

Como fillo primoxénito herdou os bens dos Fonseca en Castela e sucedeu o seu pai á fronte da casa salmantina; casou con Xenebra das Mariñas, filla de Gómez Pérez das Mariñas como xeito de pechar as discordias co cabaleiro e recibiu a cambio en feudo a fortaleza de Mesía, fundamental no señorío compostelán. Na xornada de Altamira estivo na Ponte Maceira parando o exército que García Martiz traía para axudar os cercados nas torres; finalizado o combate coa súa vitoria puxo rumbo a Altamira.

Quería apoiar as forzas do seu irmán pero cando chegou, Fonseca emprendera xa a retirada a Padrón.

Na súa ausencia hai que pensar que o exército arcebispal estivo comandado polos escudeiros que adoitaban servir o arcebispo; os máis importantes son Estevo de Xunqueiras, Gregorio de Valadares e Tristán de Montenegro aínda que tamén estiveron alí Roi Fernández Nogueiról e Gonzalo López de Riobó. Outros cumprían ordes con funcións complementarias de vixiar ou distraer o esforzo do contrario —como facía Xoán Mariño de Lobeira en Vimianzo—.

Estevo de Xunqueiras era fidalgo de casa antiga e solar na torre de Xunqueiras no Barbanza. Encabeza unha liñaxe que medrara no servizo aos arcebispos, sobre todo desde os tempos de Álvaro de Isorna, que era o seu parente. Prestou gran servizo ao arcebispo Fonseca tanto nas súas loitas contra os cabaleiros galegos como nas xornadas contra o Reino de Granada. Foi, en palabras do arcebispo Fonseca I, un bo escudeiro de nuestra casa.

Gregorio de Valadares e Tristán de Montenegro son escudeiros con solar no sur do territorio compostelán e con intereses nas comarcas urbanas de Pontevedra e Vigo. Montenegro foi rexedor e tenente das Torres de Pontevedra, mentres que Valadares (señor de Valadares e Saxamonde) encarna a pequena nobreza de orixe antiquísima. Estes cabaleiros arrimados á casa arcebispal son acérrimos inimigos de Pedro Álvarez de Soutomaior, o outro azoute de Fonseca, pois ameaza directamente os seus intereses; como ben di Vasco da Ponte, a este conde daban gran afán. Montenegro era home de 4 ou 5 escudeiros e unha trintena de peóns, aínda que para o servizo da casa arcebispal podían chegar a mandar até 500 peóns e 50 escudeiros; os Valadares adoitaban levar 20 peóns e 7 ou 8 escudeiros.

O grande heroe ante as Torres de Altamira foi Álvaro Sánchez de Ávila¹⁴, alcaide da Rocha Forte; concorria ao exército arcebispal co seu propio continxente conformado polos vasalos e soldados do castelo que lle fora confiado, o da Barreira. Pelexou con destreza e valor e defendeu até a extenuación o pendón de Santiago nunha actuación que quedaría na memoria das xeracións posteriores por encarnar á perfección os valores da afouteza e fidelidade propias da cabalaría e dos vasalos modélicos.

Esa imaxe heroica contrasta notablemente coa ofrecida por algunhas testemuñas do preito Tabera-Fonseca que o presentan como un malfeitor que desde os grosos muros da Rocha Forte atacaba e extorsionaba os vasalos dos Moscoso, a veciñanza da contorna e os mercadores que se achegaban a Santiago. Cumpría, como xa se dixo, as instrucións do seu señor nesa guerra de pequenos pero constantes golpes que buscaba desgastar e esgotar o inimigo co castigo constante; nisto tamén Sánchez de Ávila é o prototipo dunha época.

¹⁴Sobre este cabaleiro véxase X. M. Sánchez Sánchez, «Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad», Cuadernos de Estudios Gallegos 57, 123 (2010): 91-193.

Os escudeiros dos Moscoso

Os Moscoso non marchan sos nese longo percorrido ascendente nin nas guerras contra o arcebispo Fonseca. De feito eles mesmos camiñaron por un tempo ao carón de grandes casas como a do Duque de Arxona Fadrique Enríquez. É o servizo feudal nelas o que lles axudou a incrementar o seu patrimonio ou a establecer matrimonios e alianzas vantaxosas. A medida que van medrando arrímanse a eles outras liñaxes compostas sobre todo polos fidalgos modestos que teñen o seu solar nas xurisdicións dos Moscoso ou cos que os unen lazos de parentesco.

Esta relación que hoxe denominamos feudal porque adoita cristalizar nun xuramento de preitohomenaxe que implica obrigas e dereitos para as dúas partes e de beneficio recíproco. O señor ten que mirar polos seus ofrecéndolles medios de supervivencia, dotes para o matrimonio, oficios para conservaren e acrecentaren o prestixio social etc.; a cambio esixe fidelidade, consello leal e servizo de armas. Todos estes principios concrétanse en que o señor obtén alcaides para as súas fortalezas, capitáns para os seus exércitos, conselleiros no goberno da casa e os pequenos fidalgos obteñen medios de vida e oportunidades sociais.



Emblema heráldico dos Moscoso en Bonaval

Os grandes señores, como pretendían ser os Moscoso, facíanse acompañar dunha comitiva de maior ou menor volume na que sempre estaban presentes os escudeiros ou fidalgos da súa casa. Coñecemos os nomes dalgunha desas parentelas que estaban unidas aos de Altamira por lazos de parentesco ou preitohomenaxe: Coruxo, Lesta, Reinoso, Rendal, Riobóo, Carantoña, Lema, Becerra, Caamaño, do Campo etc. Algúns adoitaban vivir cos seus señores, outros pasaban tempadas con eles; todos acudían cando eran chamados e convocados ao exército señorial.

Vasco da Ponte identifica dous persoeiros principais: García Martiz de Barbeira e García Pérez de Costela¹⁵. Ambos axudaron na sucesión á fronte da casa, cando Lopo Sánchez accedeu a ela e xuntos traballaron pola consolidación da liñaxe; os dous tiñan patrimonio e vasalos de seu aínda que é o servizo aos de Altamira o que lles permitirá medrar. Costela foi o amo do xove señor mentres que Barbeira parece o seu conselleiro militar.

García Martiz de Barbeira semella o conselleiro máis antigo e experimentado tanto no goberno como na guerra. Esa é a semellanza que retrata Vasco da Ponte, e moita debeu de ser a consideración que mereceu do señor porque casou con Sancha de Lobeira, dona de antiquísima liñaxe. As testemuñas do preito Tabera-Fonseca describen este cabaleiro como un vasalo honesto e fiel a seu señor, casteleiro de Outes e actor relevante na guerra de baixa intensidade contra os partidarios arcebispos na Costa da Morte, sendo recoñecido como malfeitor pois «hera le mayor salteador que avia en el Reino de Galicia y traia siete o ocho de caballo consigo».

¹⁵Unha caracterización desta fidalguía en M. J. Vázquez, «Los Condes de Altamira: origen, esplendor y ocaso de la ilustre familia de los Moscoso», *Estudios Mindonienses* 10 (1994): 195-279; A. M. Framiñán Santas e X. A. García Ledo, «Os Costela, fidalgos da casa de Moscoso: séculos XV-XVI», *Descubriendo* 6 (2004): 145-67.

A algúns fidalgos menores podemos situalos na Maía, como son os Reino de Pegariños, os Leis de Leboráns ou os Ardeleiros de Lens; ou os Mariño, cuxas propiedades e dereitos na Maía herdaron os Moscoso. Doutros podemos asumir un longo servizo á casa do que derivaría un ascendente sobre o resto dos escudeiros e incluso sobre os señores.

Estes outros escudeiros son o corazón do exercito señorial, pois serven nel como corresponde ao seu rango, con armadura e a cabalo. Vasco da Ponte ofrécenos a achega que os homes máis importantes fan ao continxente dos Moscoso: García Martiz de Barbeira servía con 10 lanzas; Pedro Mariño do Río, 2, Gonzalo López de Riobó 2 e Fernando Eanes de Soutomaior, 2; outros pequenos fidalgos cunha lanza cada un sumaban até 65. Se temos en conta que unha lanza (unidade de recrutamento) corresponde a un cabaleiro, coa súa montura, as súas armas e co equipamento completo, un paxe e unha mula, ben se aprecia que o servizo supoñía un importante esforzo que o señor necesariamente debía compensar con cargos, rendas ou favores.

Ían acompañados polos seus vasalos, que foron chamados como di Vasco da Ponte por apelido. Esta convocatoria indica a excepcionalidade do momento, porque só se aplica naqueles casos de emerxencia e risco dentro do propio señorío e implica a incorporación de todos os homes en capacidade de loitar.



Ilustración das Torres de Altamira, Terres

A nova política arcebispal de recuperación do poder efectivo sobre o señorío xerou o rexeitamento aberto da fidalguía asentada no territorio. A primeira acción deste colectivo, como xa se dixo, foi conformar unha alianza para consensuar unha liña de resistencia e comprometer o apoio mutuo contra tan relevante ameaza. A batalla de Altamira foi a primeira invocación a este pacto no que primaron tanto os intereses comúns como os lazos de parentesco que unían os asinantes:



Lope Sánchez, viendo su casa cercada, escribió a gran prisa al señor Diego de Andrade y a Gómez Pérez, y a Sancho Sánchez de Ulla, y a Pedro Álvarez de Sotomayor, que lo socorriesen, y ellos sin más tardar presto fueron con él, cada uno como pudieron juntar su gente... movieron todos de un acuerdo contra él.


Desde os seus señoríos os señores puxéronse en marcha cos seus exércitos e no lugar de Augapesada armaron o campamento para agardar uns polos outros e tomar as decisións pertinentes. Un dos coligados non se presentou ao punto de encontro, posiblemente pola distancia desde os seus señoríos; foi o señor Pedro Álvarez Osorio, conde de Lemos, pero enviou un destacamento con 100 lanzas.

Chegaron todos na data prevista menos Pedro Álvarez de Soutomaior, que era o que viña de máis lonxe. Esta circunstancia permite albiscar o funcionamento deste exército: aínda que os máis novos eran partidarios de non agardar máis e saír buscar combate, seguiron a opinión de Gómez Pérez das Mariñas, o cabaleiro de máis idade e experiencia, que posiblemente contaba coa experiencia e xenio militar de Pedro Madruga. O texto deixa entrever unha toma de decisións levada a cabo de xeito conxunto na que se fixeron sentir o peso da autoridade e a experiencia.

O cronista tamén detalla a entrada triunfal do agardado Soutomaior; sen dúbida había nela tamén algo de exhibición de forza e status fronte aos compañeiros: entrou no campamento preparado para a guerra, precedido de trompetas e acompañado dun nutrido grupo de 40 cabaleiros e 500 peóns, fortemente armados con lanzas e bestas. Era un pequeno exército en si mesmo.

Este exército, segundo afirma Vasco da Ponte, sumaba unhas 300 lanzas e uns 4 ou 5.000 peóns e máis ou menos a mesma cantidade de efectivos no outro bando; a eles habería que sumar as 100 lanzas e mil peóns que levara Lois de Acevedo á Ponte Maceira para parar os 500-600 peóns e a decena de homes de a cabalo que traía García Martiz de Xallas e Barcala.

Todo sumado, segundo os datos deste autor, no 13 de xuño de 1471 enfrontaríanse diante e preto das Torres de Altamira dous exércitos que sumarían unhas 700 lanzas —ou escudeiros coa súa montura armados por completo e asistidos polos seus paxes— e arredor duns 10.000 homes de a pé.



Os exércitos

Nos canons académicos, e mesmo para os contemporáneos, houbo moi poucas batallas no século XV galego, sendo a de Altamira unha das máis importantes; foi desde logo a última e pechou os tempos da guerra medieval.

No último século, mudara substancialmente a forma de facer a guerra e estes cambios tiveron o seu reflexo nos exércitos galegos e nas escaramuzas sucedidas en Galicia. Por unha banda, os continxentes que se enfrontaban eran máis numerosos que antes e estaban máis diversificados. Dos exércitos que invadiron Galicia en 1386 acompañando o duque de Lancaster e das viaxes, como a que fixo Paio Gómez de Soutomaior ao reino do gran Tamerlán ou as que facían ás guerras do rei, aprenderon os señores galegos e foron adaptando aos novos tempos tanto os seus exércitos como os seus castelos e a concepción mesma da guerra.

Os grupos de cabaleiros fortemente armados que loitaban en formacións pechadas perderan bastante protagonismo estratéxico en beneficio doutros corpos, aínda que seguían sendo moi importantes sobre todo no simbólico pois era a guerra que facían os señores, tanto os grandes como os Moscoso ou os Soutomaior como os fidalgos máis pequenos que loitaban canda eles. De feito, como ben amosa nas súas apreciacións o cronista Vasco da Ponte, o número de fidalgos e lanzas que unha casa podía achegar en caso de guerra era indicio da súa riqueza e importancia.

A infantaría, que durante moito tempo fóra un conxunto ás veces algo informe de peóns cuxo peso era o do número, foi desenvolvéndose. Sendo máis baratos de equipar e máis doados de preparar, foron gañando relevancia e os infantas chegaron a ser quen de saír en orde pechada ao campo de batalla e de frear as cargas esmagadoras da cabalaría. Había tamén unidades especializadas e mesmo mercenarios, pero non nas guerras galegas, agás momentos puntuais, como sería o caso da guerra Irmandiña; os infantas singularizados máis comúns son lanceiros e besteiros . De feito, Vasco da Ponte describe con detalle o exército que acompañaba a Pedro Álvarez de Soutomaior, posiblemente máis moderno, especializado e mellor equipado que o resto dada guerra constante na que vivía o seu señor:



Llegó Pedro Álvarez al otro día, en amaneciendo con treinte o quarenta de a cavallo muy bien armados, y treçientos o quatroçientos peones encoraçados, medio lançeros y medio ballesteros, con sus cascos, y con dos trompetas façiendo gran sonada.



Soldados nas pinturas góticas da catedral de Mondoñedo

Cabaleiros, soldados especializados e peóns sen outro obxectivo que facer vulto e dano. En certo modo a guerra reflectía a orde social: os señores, cos seus continxentes de cabaleiros fortemente armados, sentiron ameazado o seu poder bélico por esta nova infantaría que se nutría sobre todo de continxentes urbanos.

Algunhas novidades no armamento influíron na concepción mesma dos enfrontamentos. Mantiñase o conxunto de armas tradicionais como a espada ou as lanzas e os trabucos que en diversos tamaños lanzaban os enormes proxectís de pedra, os bolaños, que aínda hoxe hai arredor de moitos castelos e nas mesmas torres. As bestas popularizáronse e documentamos o seu uso con frecuencia nos inventarios dos castelos galegos.

○ cambio máis importante foi a progresiva difusión das armas de pólvora. Propagáronse entre os señores galegos a partir de mediados do século XV, pero o certo é que o seu número foi reducido, aínda que estiveron presentes tanto na guerra Irmandiña como nas guerras dos señores que viñeron a continuación. Son escopetas, arcabuces, espingardas ou falconetes que mencionan os documentos.

○ seu uso preferente foi no contexto dos asedios a castelos e cidades, aínda que como os novos canóns son moi custosos, o trabuco de sempre (que permitía arrasas con grandes pedras o inimigo) seguía sendo a ferramenta máis destrutiva; con todo, as novidades comezaron a influír tanto na táctica da guerra como na fisionomía das fortificacións .

A pobreza dos señores —cuxos recursos bélicos quedarán ben minguados tras o asalto irmandiño— explica a súa preferencia por accións rápidas e sorprendidas, o castigo constante ou por formas de guerra máis tradicionais. Por iso as guerras na Terra de Santiago, como no conxunto da Galicia daquel tempo, raramente consisten en batallas, sendo a súa forma máis común a escaramuza, a cabalgada e o asedio. A batalla de Altamira é un fito sinalado tamén neste aspecto porque é unha das poucas «batallas» sucedidas no país.

Os outros escenarios da batalla: Augapesada e A Ponte Maceira

A batalla tivo lugar diante das Torres de Altamira, pero houbo varios escenarios nos que sucederon lizas que implicaron a protagonistas e continxentes armados e que nacen ou inflúen na propia batalla.

No «castro» de Augapesada foron concentrándose os exércitos señoriais nos momentos previos á batalla. Cabe pensar que se formou un campamento que duraría como moito un par de días, xa que os homes de Fonseca estaban preto; os aliados pararían o tempo de reagruparse e descansar no día previo ao choque.

Os cabaleiros coligados non se concentraron en Augapesada por casualidade. O lugar ten unha situación estratéxica no cruzamento de dúas vías de comunicación de primeira magnitude: o camiño que de Santiago levaba á Costa da Morte pola Ponte Maceira e o que vindo de Ortoño e Francos (e o sur de Galicia) ía ás terras de Xallas e Bergantiños por Portomouro. A referencia ao «castro» pode implicar tanto o poboado castrexo próximo ao lugar de Lombao ou simplemente algún tipo de espazo militar ao carón do cruzamento.

Augapesada



Ponte vella de Augapesada

En calquera caso, nesa zona o rego dos Pasos conforma un pequeno val que permite o repouso antes de acometer a subida do monte. Desde aquí o exército dos cabaleiros achegouse ás Torres de Altamira, aínda que non sabemos o seu itinerario certo: puideron subir a costa do Mar de Ovellas até Susavila de Carballo e alí encarar Portanxil e as torres ou ben saír directamente de Augapesada cara a Pegariños, atravesando o monte e tomando logo a cordal do monte até o castelo. Dada a presenza das tropas de Lois de Acevedo na zona é posible que a primeira opción fose a elixida.

O pobo era naquel tempo unha aldeíña rodeada de fincas que pertencían ao cabido de Santiago e a algúns veciños da cidade que tiñan aquí caseiros que producían rendas forais. Tiña o seu centro na praciña que conforman as casas, xa que alí era onde os camiños se cruzaban, pois tiñan un trazado lixeiramente distinto ao actual.

Sen lugar a dúbidas, por aquí pasou en retirada o exército de Lois de Azevedo camiño a Compostela.



Ponte medieval de Ponte Maceira

Mentres o groso do exército arcebispal plantaba asedio ás Torres de Altamira, un continxente de homes escollidos correu á Ponte Maceira para pechar calquera chegada de reforzos para os cercados. Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras loitaron para conter ese exército que traía García Martiz de Barbeira en socorro dos compañeiros.

A Ponte Maceira é un dos pasos fluviais máis importantes da Terra de Santiago, xa que permite salvar o río Tambre no camiño que unía a capital coas terras e cos portos da Fisterra. No lado de Ames está o pobo antigo, de orixe medieval nacido posiblemente ao fío da vida da ponte que é antiga e foi refeita varias veces desde a Idade Media por ser gastada polo uso ou destruída polas enchentes.


Neste punto –seguramente na ribeira amiense– concentrouse o destacamento arcebispal. Unha vez rexeitadas as forzas dos Moscoso tomarían rumbo cara ás torres, posiblemente desfacendo o camiño cara a Trasmonte (non existía a estrada de Portanxil) para tomar desde o cumio do monte o rumbo a Altamira.



Emblema heráldico antigo sito nunha das casas de Ponte Maceira



Ilustración de A Ponte Maceira, Terteres



Os Sucesos: Hubieran batalla e muriera mucha gente

Nesta breve sentenza describe unha das testemuñas do preito Tabera-Fonseca o sucedido ao pé das torres. O termo batalla –usado xa no tempo– dá a entender un choque ben diferente ás cabalgadas e liortas habituais, e así foi á luz da documentación que chegou a nós.

O relato máis completo é o que proporciona Vasco da Ponte e recolle a memoria nobiliaria do suceso, posto que é o ambiente das lembranzas que el recolle de testemuñas que viviron os feitos .

O conflito de Moscosos e Fonseca quedara paralizado coa catarse irmandiña e a necesidade urxente que tiveron os señores de romperen o levantamento e recuperaren o que eles consideraban normal exercicio dos seus dereitos e das súas prerrogativas. Xuntos integráronse no exército coligado que reconquistou o país, e xuntos estiveron posiblemente na batalla da Almaciga (1469), que puxo fin ás ansias dunha normalidade diferente.

En breve uns e outros recuperaron as vellas dinámicas, pois Lopo Sánchez de Moscoso intentou recuperar e reconstruír dúas fortificacións vitais para o exercicio dos seus poderes señoriais, Cira e Altamira. prendendo novamente o lume da guerra.

Descoñecemos cando tiveron lugar todos estes acontecementos, pero deberon comezar na primavera de 1471 porque a data indubidable da batalla é o 13 de xuño de 1471, que era tamén día de santo Antonio e do Corpus Christi.

A chispa que prendeu todo foi a posta en marcha da reconstrución da fortaleza de Altamira por Lopo Sánchez; iniciou unha espiral de movementos que tería a súa catarse na batalla ante as torres:

 Nunha acción relampo capitaneada por García Martiz de Barbeira comeza a reconstrución das Torres de Altamira.

 En resposta, Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras preséntanse alí cun nutrido continxente de armas e asedian o castelo con intención de rendelo. O intento resultou un fracaso e os arcebispaís preferiron unha retirada estratéxica ao teren noticia de que os Moscoso preparaban un exército.

 Chega Lopo Sánchez cun exército e retoma as obras, instalando novos cubos e torres; deixa como casteleiro dela a García Pérez de Costela.

 Os fonsecanos intentan un asedio e castigos para romper o avance das obras, que resultan infrutuosos.

 En paralelo ambas as partes executan manobras de diversión do inimigo (cabalgadas, refortificación e ocupación de Mens, Vimianzo, Cira); Moscoso escribe aos seus parentes e á nobreza aliada.

 Un enorme exército composto por 300 lanzas e 5.000 peóns convocados e armados polo arcebispo Fonseca achégase ás torres e monta un asedio arredor delas.

 Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras, cun grupo pequeno pero escollido van á Ponte Maceira pecharlles o paso aos reforzos que trae García Martiz de Barbeira.

 Os exércitos señoriais concéntranse en Augapesada.

 As forzas da alianza señorial chegan ás Torres de Altamira e abren o combate.

 Desmantelado o exército arcebispal, Fonseca emprende a fuxida; os do castelo saen ao campo loitar. Defensa heroica do pendón de Santiago por parte do alférez (abandeirado) arcebispal.

 Rexeitada a ameaza de García Martiz, Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras vólvense cara ás torres para auxiliar o seu irmán. Vendo o exército en desbanda, retírase a Santiago.

 Fonseca refuxiouse en Padrón; os cabaleiros foron xuntos a Santiago y allí se despidieron, y se fueron cada uno para su casa. Imos por partes.





A reconstrución das torres

Recuperada unha certa normalidade despois do terremoto irmandiño reabríronse as vellas feridas entre os arcebispos e os Moscoso. Fonseca reclamoulles os bens que levaban na Terra de Santiago aproveitando o apoio que tiña da corte real e a mocidade de Lopo Sánchez. Cos cabaleiros da súa casa –lembrems que era mozo no sabía mucho, pero era franco y esforçado– deseñou unha estratexia de defensa que tiña como primeiro chanzo a recuperación da presenza no territorio.

Vasco da Ponte é claro ao respecto e niso coincide con outras testemuñas:



Más como la hermandad derrocara todas las fortalezas, no tenían ninguna en que se acogiese: y este Lope Sánchez, con García Martiz y García Pérez de Costela y Fernan Álvarez de Carantoña... acordaron muy secretamente que García Martiz tomase escuderos y peones y pedreros y azadoneros y vituallas y se metiese una noche en Altamira, que era la cabeza del estado, y así lo hizo. Y quando fue mañana, tenía hecho un muro de piedra lousa y no ancho, de una braza de alto, y una caba de otra braza de alto, que no se tardaron dos horas en hacerse.

García Martiz ergueu os muros exteriores, levantou os parapetos do perímetro e escavou unha cava ou gabia que, sen ser un foxo, evitaba a construción de minas que socavasen os alicerces, os ataques directos ás entradas e de paso dificultaba o traballo das máquinas de guerra que tiñan que instalarse bastante retiradas.

Lembrems que nin a fortificación era tan desenvolvida como chegou a ser logo nin os irmandiños a derrocaran totalmente, así que a manobra tiña por obxectivo devolver á estrutura a súa capacidade de defender os seus ocupantes e, no posible, causar dano aos atacantes. Non se instalaron máquinas (trabucos) nin se habilitaron espazos para eles, así que foi unha restitución en precario do castelo ao seu estado anterior.

Nestas operacións interviñeron un cento de homes, ao mando de García Martiz.




Torres de Altamira
hoxe

O primeiro asedio

A noticia do movemento chegou rápido a Santiago e preparouse un pequeno exército para poñerlle remedio. Lois de Acevedo (que ya estaba al alerta o a la mira) e Estevo de Xunqueiras dirixen as tropas, que están compostas por 100 lanzas e 2.000 peóns.

O plan inicial, segundo Vasco da Ponte, era cercar e conquistar a fortaleza contando co pequeno tamaño da gornición e a súa fragilidade estrutural, é dicir, a tradicional cabalgada. Pero os defensores resistiron con valor empregando sobre todo as pedras da obra:

Dándole un combate muy reñido pensando de la entrar, y los de dentro, que no pasaban de cien hombres a lo más pero muy valientes y esforzados lo defendieron, y teniéndolos García Martíz repartidos cada uno en la estancia que merecía. Y en lugar de artillería tenía cada uno su monte de piedras a los pies, y echaron sobre los de fuera tan gran multitud dellas que en un par de oras que duraría el combate no bajarían de matar y dejar muy mal feridos sesenta hombres, y otros muchos atormentados de las piedras, aunque les daban por encima de las armas, porque los hombres cercados eran muy forzosos...



Ningún dos dous bandos desprezou o combate corpo a corpo:



Falemos de Esteban de Junqueyras, cómo en este combate andó buscando a Garçia Martiz asta que le topó, diciéndole: «A, traydor, a mis manos as de morir; el diablo que te trajo aquí». Garçia Martiz le respondía: «O Cornudo traidor: no as acá de entrar como piensas, que hombres estamos acá dentro que te sabremos tornar y a toda tu compañía». Con esto, dándose de las espadas muy grandes golpes asta cansar y todos los de fuera ya cansados asta no poder más, retrajéronse.

Chegou entón noticia aos de Acevedo de que Lopo Sánchez preparaba un grande exército, pois chamaba os seus vasalos en apelido e convocara os outros cabaleiros; procurando evitar unha derrota segura retirouse co seus homes a Santiago.



O intermedio: a refortificación das torres e un conado de asedio

Lopo Sánchez achegouse a Altamira con mucha compañía e puxo en marcha inmediatamente os traballos para reforzar o seu castelo; as obras están encamiñadas a mellorar a súa capacidade de ataque.



Lope Sánchez con mucha compañía vino luego a Altamira, y luego hizo en ella una torre con tres cubos de cal y canto buena, excepto que era apartada; y dejó por alcaide della a García Pérez de Costela.

Segundo Carlos Galbán, esta intervención deu lugar á torre oeste, que estaba rematada por garitas desde as que os do interior controlaban o territorio e eran quen de castigar os atacantes. As dúas torres estarían unidas polo adarve da muralla; posiblemente tamén se fixo algo de obra en madeira, como matacáns que favorecerían a defensa e eliminarían os ángulos mortos.

Fonseca enviou tropas á zona en canto se lle notificaron estes proxectos; posiblemente máis con ánimo de molestar que co de conquistar, pois era evidente que se ne-



También ymbió presto el arzobispo sobre ellos, combatiéndolos bravamente; pero poco aprovechó, porque dieron a Esteban de Junqueyras una gran cantonada en que lo sacaron sobraçado, y otros fueron feridos y algunos muertos, y los de dentro se afortalecieron muy bien, de manera que no tenían temor a nadie. Y así hicieron la fortaleza de nuevo.

Neste estado de cousas, ambos os bandos comezaron a desenvolver unha estratexia máis ampla. Lopo Sánchez respondeu ao ataque acosando a vila de Malpica e a súa xurisdición e facendo reconstruír a fortaleza de Mens. Outro tanto fixo Fonseca: foi a Vimianzo –que era dos Moscoso– e ocupouna, fortificándoa e deixando alí unha guarnición. Nos dous casos buscaban crear focos de atención que dispersasen as forzas do outro mentres se preparaban ante un choque inminente.

Foron accións relampo, ao xeito das cabalgadas de sempre, nas que un pequeno continxente se despraza cos medios xustos e cun obxectivo claro. Moi posiblemente esta era a resposta que agardaba Lopo Sánchez cando decidiu reconstruír Altamira.

○ grande asedio

O arcebispo e os seus capitáns prepararon un ataque diferente e orientado a poñer fin a esta ameaza recorrente: convocado o exército, puxeron asedio ás Torres de Altamira. Todos sabían que do resultado deste movemento dependía o futuro do castelo e con el, da presenza dos Moscoso na Maía. Todos sabían tamén que a capacidade defensiva da fortificación neste momento era boa pero tamén mellorable, así que decidiron xogar as súas bazas.

As tropas do arcebispo presentáronse e armaron campamento á vista das torres e situáronse controlando os dous camiños de acceso. Lois de Acevedo controlaba o acceso norte, vixiando a ponte do Tambre na Ponte Maceira, e outro continxente situaríase polo lado este das torres, cortando o camiño desde Santiago. Temos que concibir a súa formación como de ataque ao castelo, isto é máis un campamento ordenado e nutrido con pesadas máquinas de guerra, que un exército en formación de batalla.

Foi un asedio en toda regra:



Se fue a Santiago donde juntó la más gente que pudo, que serían treçientas lanças y algo más de gallegos y de castellanos muy bien armados, en que venían dos Maldonados, y dos Fonsecas, y dos Azevedos, muy buenos hombres, y los gallegos Ruy Fernández Nogueyrol y Estevan de Junqueyras y Gregorio de Valladares, Tristán de Montenegro y Gonçalo López de Rioboo; y no sé si Alonso de Lanços venía entre ellos. Los peones siempre serían çinco mil o al pie de ellos. Y llevando mucho bastimento fue a çercar a Altamira, poniéndole dos trabucos, tirándole noche y día; pero defendíase García Pérez de Costela (hombre bien esforçado) muy bien, con muy buenos quarenta peones y muy pocos dellos escuderos. Tenía en la casa muchas vituallas y armas. Los muros eran buenos, con buenas garitas donde se amparaban de los trabucos. Mas tenían falta de agua, y la cerca por ser pequeña no se podía valer a las piedras de los trabucos.

Os de Fonseca chegaron e comezaron a castigar os que dentro estaban; empregarían, como era común, os trabucos e outras pezas de artillerías habituais ao tempo que lanzaban grandes pedras que tanto fustrigaban as defensas como mancaban os defensores. Ante esta ameaza, os soldados de Altamira responderon do mesmo xeito: lanzando pedras a longa distancia e rexeitando os intentos de subir a cerca con escaleira. De feito, aínda hoxe nos arredores das torres é doado atopar estes bolaños ou proxectís.

Fonseca xogou a baza do asedio contando coa vantaxe dun continxente masivo de atacantes e fiouno todo a esa superioridade e ao feito de ter protexida a retagarda polo seu irmán Lois, que debería ser quen de parar a García Martiz na Ponte Maceira.

Non contaba coa posta en marcha da alianza señorial e coa resposta coordinada e masiva que preparaban.

A concentración dos cabaleiros

O de Moscoso preparou a súa defensa cun ataque que se desenvolvería en dúas liñas diferenciadas: por unha banda, García Martiz de Barbeira convocaría por apelido (é dicir de xeito obrigatorio) os vasalos da Barcala e Trastámara e organizaría nesta zona (corazón do poder dos Moscoso) equipamentos e alimentos. Por outra, chamaría no seu favor os cabaleiros que asinaran a alianza de Carboeiro uns meses antes.

Lope Sánchez, viendo su casa cercada, escribió a gran prisa al señor Diego de Andrade y a Gómez Pérez, y a Sancho Sánchez de Ulla, y a Pedro Álvarez de Sotomayor, que lo socorriesen, y ellos sin más tardar presto fueron con él, cada uno como pudieron juntar su gente. Y juntaronse en Aguapesada, casi dos leguas de allí, de donde ymbiaron a decir al arzobispo que no quisiese ver quanto ellos podían fazer. Y el burlándose dellos, respondió que por todos ellos no dejaría de fazer sus echos. Y esto oído, movieron todos de un acuerdo contra él.

Os continxentes nobiliarios foron chegando aos poucos e concentrándose no lugar de Augapesada; o campamento debía estar nos arredores da actual aldea —posiblemente nas terras chairas próximas ao rego dos Pasos—. O último en chegar, como relata Vasco da Ponte, foi Pedro Álvarez de Soutomaior, que tamén era o que debeu de ter máis dificultades no camiño; era un grande estratega neste tipo de situacións e por iso os outros señores agardaron por el.



A súa demora plantou as dúbidas sobre o seu compromiso:



Los señores todos se juntaron con su gente en el castro de Agua Pesada, salvo Pedro Álvarez de Sotomayor, que estaba más lejos que ninguno; y maravillándose todos de como él no venía, dixo el señor Diego de Andrade: «A la batalla y no esperemos por él». Mas Gómez das Mariñas decía que era bien esperarlo. Y porque Gómez Pérez era más viejo y muy sabio de las guerras, todos consentían con él...

Chegou á primeira hora da mañá e entrou como o gran señor que era e quería ser:



Llegó Pedro Álvarez al otro día, en amaneciendo con treinta o quarenta de a cavallo muy bien armados, y treçientos o quatroçientos peones encoçados, medio lançeros y medio ballesteros, con sus cascos, y con dos trompetas fagiendo gran sonada y diçiendo: «Parientes y amigos: atales bodas como aquestas no era razón se hiciesen sin mí; vayamos a ellas y sea presto». Y Gómez Pérez decía: «Este es el hombre por quien yo esperaba»; y Diego de Andrade diçiendo: «No le aguardemos para viejo»...

Esta detallada descrición do exército que trae con el é moi significativa pois delata o moito que impresionou os seus compañeiros —e as persoas a quen contaron o suceso— polo seu número, pola súa preparación e o seu armamento.

Agrupadas as tropas tomaron o camiño das torres, aínda que non sabemos a súa ruta exacta. Dúas son as posibilidades: subir a aba do monte até chegar a Pegariños para logo seguir cara ao castelo ou ben subir a costa de Mar de Ovellas e en Susavila de Carballo tomar rumbo oeste. A primeira permitiría unha chegada máis agochada, mentres que a segunda posiblemente sería máis rápida por transitar por un camiño máis importante.

A da Ponte Maceira

Ao tempo que se foi armar o asedio a Altamira, un continxente de homes escollidos saíu ao mando de Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras noutra dirección. O seu obxectivo, xa se dixo, era agardar por García Martiz de Barbeira na Ponte Maceira e destruír as tropas e vituallas que traía para socorrer os do castelo.

Este encontro tivo lugar en paralelo aos primeiros momentos da batalla das torres, o 13 de xuño de 1471 e foi un lance longo e debatido que consumiu as forzas das dúas hostes cun resultado ambiguo:



Y mientras que los cavalleros le iban a buscar, tenía Luis de Azevedo espía de como García Martiz de Barbeyra venía de Trastámara a socorrer a Altamira con muchas vituallas y çevada para las bestias, y con él quinientos o seisçientos peones y menos de diez de a cavallo. Y fuelo a esperar sobre la puente Maceyra, llevando çien lanças y mil peones de gente muy escogida. Los de Garçía Martiz quando los vieron consigo unos fugieron, otros retrayeron; Garçía Martiz se vió en tan gran estrecho con Esteban de Junqueyras y con los de su vando que no fue en una de perder la vida. Pero él se ayudó, y los de a cavallo que venían con él que no le dejaban, e unos más que otros, y también el buen cavallo que llevaba, que lo sacaba de peligro...

Lois de Acevedo conseguiu que os reforzos non chegaran ao castelo ou que atacasen o exército arcebispal por detrás, pero esta escaramuza empenou o principal capitán do exército arcebispal e un nutrido grupo dos seus homes máis tempo do aconsellable. Pola súa banda, García Martiz fracasou no seu obxectivo inicial, pero a súa resistencia foi crucial e entorpeceu moito os plans do bando contrario.



Pero como Luis de Azevedo tenía prisa de ir a buscar al arçobispo, dejó escapar a Garçía Martiz, el qual no sé si tornó a recoger los suyos o si se fue a juntar con los cavalleros de su parte; pero bien creo que desde que vio ir a Luis de Azevedo, que tornó a recoger su fato y que se fue para donde estaba su señor.



A catarse fronte ás torres



Y mientras que Luis de Azevedo fue y vino en esta jornada, movieron los señores todos çinco con cuatro o çinco mil peones y con treçientas lanças, con las çiento que les ymbió el conde viejo de Lemos Don Pedro Alvarez de Cabrera Enríquez Osorio de Valcarce, que mal les fuera logo, que tenían pocos de a cavallo por caso de la gran hermandad que havia poco que pasara, y los señores fidalgos de Galijça estaban pobres. Tornemos a los señores de cómo iban a catar al arçobispo. Llegando pues a una braña, aunque ella no era peligrosa, todos los de a cavallo huvieron miedo, y no osaron pasar. Entonces, un escudero de Gómez Pérez (a quien llamaban Ruy de Cabrera) atreviose a pasar, y todos pasaron tras él. Y llegando a donde estaba el arçobispo, arremetieron a él bravamente cada uno echando el apellido de su señor.

Os exércitos enfrontáronse ao este das torres de Altamira e os detalles da loita non son ben coñecidos, aínda que podemos supoñelos a partir de diversas fontes documentais.

As tropas de Fonseca quedaron, coa chegada dos cabaleiros, acurraladas entre o continxente nobiliario e as torres. Pola súa banda, os cabaleiros posiblemente repetiron o esquema empregado por Pedro Álvarez de Soutomaior en Pontevedra e situarían as lanzas longas e as bestas diante, os cabaleiros a continuación e os peóns máis atrás. Os do arcebispo colocaríanse á inversa pero con ánimo máis defensivo. Lanzas longas e bestas protexendo o groso dos continxentes e trabucos acosando e creando caos no campo do contrario: Todos a una arremetieron al arçobispo y vencieronlo... La gente tanta era de una parte como de otra; mas la gente del arçobispo venía mas armada y tenía muchas más vituallas de comer...

Os aliados deberon romper as liñas arcebispaís dun xeito tan contundente e rápido que o arcebispo veuse obrigado a fuxir cara a Padrón para conservar o mellor do seu exército e salvar a súa persoa. A loita de Lois de Acevedo na Ponte Maceira privou o exército arcebispaís deste reforzo na defensa ou do golpe de efecto que sería atacar os atacantes por detrás.

Todo apunta a que Lois de Acevedo non chegou a tempo de intentar un apoio ás tropas arcebispaís, pois o cronista informa de que preferiu unha retirada estratéxica cara a Santiago:

Y apretó el arzobispo a fugir a las partes de Padrón con todos los suyos... En esto Luis de Azevedo, que venía a gran prisa de vencer los de Garcia Martiz para socorrer a su hermano el arzobispo, pero como le vió fugir, echó él también a fugir para la ciudad de Santiago, quedando de su parte muchos muertos, heridos y presos.

Quedaron no campo fonsecano os peóns e algúns cabaleiros. Un deles era o abanderado Álvaro Sánchez de Ávila, alcaide da Rocha Forte, cuxa valentía daba ánimo aos compañeiros e cuxo pendón era un referente claro para o exército en medio da confusión da batalla. A súa resistencia facilitou a saída do prelado.

Nese momento da fuxida arcebispaís, sucederon dúas cousas que remataron por romper as tropas arcebispaís: os do castelo saíron combater e os cabaleiros rodearon e atacaron a Álvaro Sánchez de Ávila.

En canto puideron —isto é, cando se levantou a retagarda arcebispaís, que era quen os vixiaba, rumbo a Padrón—, os do castelo abriron as portas e comezaron a atacar aos fonsecanos por detrás. Os cabaleiros aliados atacaron sen descanso a Álvaro Sánchez de Ávila para illalo do resto do exército e privar a infantaría dese referente claro á hora de reagruparse e resistir. O alférez arcebispaís loitou denodadamente e converteuse no grande heroe da xornada, malia ter estado no bando perdedor. Tan heroica e valorosa foi a súa defensa do pendón do Apóstolo que a súa xesta foi recollida non só na crónica de Vasco da Ponte, senón tamén na memoria popular, a tenor da referencia que a ela fan algunhas testemuñas do preito Tabera-Fonseca.

Mas su alférez quedó con el pendón sólo en el campo, que era el muy honrado castellano Álvaro Sánchez de Ávila, el qual se decia alcayde de a Rocha. Cargaban todos los contrarios sobre él, más nunca le pudieron quitar el pendón de las manos asta derrocarlo y ferirle en la cara y en las manos; pero en el cuerpo no el pudieron ferir porque iba muy armado. Pero dábanle tan grandes golpes por encima de las armas que lo facían enfraqueçer; y lo mataran de todo punto si no fuera el señor Diego de Andrade que se lo sacó de las manos, porque no quería largar el pendón.

Ao cabo, os cabaleiros venceron a resistencia do cabaleiro e gañaron o pendón do Apóstolo, privando o seu exército dese referente visual. En recoñecemento do seu valor e, sobre todo, da súa fidelidade, Álvaro Sánchez foi tratado coa boa fe que merecía un bo cabaleiro. Quedou na custodia de Diego de Andrade, que o levou á súa casa e o curou, e ao cabo o deixou libre por ser home de palabra.

A fuga do arcebispo e a derrota do alférez arcebispal puxeron fin a unha batalla cuxo saldo en mortos e feridos descoñecemos. As testemuñas do preito Tabera-Fonseca falan dun alto número de baixas no bando arcebispal e Vasco da Ponte menciona un único morto nas filas nobiliarias do outro bando (Fernán López de Coscós, escudeiro de Lopo Sánchez), pero non pode avanzarse ningunha cifra. Seguramente o número de baixas entre mortos e feridos de consideración foi alto.

Non hai noticia tampouco do que sucedeu a continuación máis alá do que nos conta Vasco da Ponte que é, francamente breve:

Todos los caballeros juntos fueron asta Santiago, y allí se despidieron, y se fueron cada uno para su casa... Desde que los cavalleros se despidieron los unos de los otros, cada uno dellos se fue a folgar a su casa.

Pouco despois volverían reunirse para axudaren a Lopo Sánchez a reconquistar Vimianzo e retomaren xuntos ou por separado as cabalgadas e pelexas cos homes do arcebispo, aínda que ningún deses sucesos acadase a magnitude e relevancia da batalla que acababa de gañar.

Todos os que alí estiveron eran conscientes da importancia da batalla e do que alí se xogaba. Para o arcebispo a derrota levaba consigo o recoñecemento implícito do poder dos cabaleiros e a constatación de que máis pronto que tarde tería que chegar a un acordo con eles e facerlles sitio no seu territorio compartindo xurisdicións e rendas. Para os señores, gañar suporía consolidar os bens e os dereitos que pacientemente viñan acumulando desde finais do século XIV e facer visible ese status de primeira liña que todos buscaban para as súas liñaxes, que se preparaban xa para o asalto ao poder castelá.

Aquel día de santo Antonio de 1471 foi tan relevante que quedou impregnado na memoria de quen alí estivo, e transmitiu os feitos e as fazañas ás xeracións máis novas que llos transmitiron ao cronista Vasco da Ponte e ás persoas que testificaron no proceso xudicial entre os arcebispos Tabera e Fonseca. No inmediato, houbo tamén consecuencias.

O pendón de Santiago, arrebatado a Álvaro Sánchez de Ávila, apareceu na catedral uns días despois:



Anno Domini M^o CCCC^o LXXI^o, a treze dias do mes de junio foy a batalla de Altamira, et que que foy en dia quynpta feira que era dia de Corpus Christi et de Santo Antonio, entre o arçobispo de Santiago et todos los cavaleiros de Galizia. Et foy desbaratado o arçobispo et tomado o pendon de Santiago et rasgarono et levarono os cavaleiros en seu poder et dende a çertos dias fezeron conçerto delo, et hua noyte deitaronlo enno altar de Santiago¹⁹.

Di Vasco da Ponte que os gañadores usaron título de nobreza a partir daquel momento:



Y luego en este tiempo Sancho Sánchez de Ulloa híçose conde de Monterrey, y Lope Sanchez de Moscoso, su sobrino, conde de Altamira, y Pedro Álvarez de Sotomayor, conde de Camiña, y dijeron a Diego de Andrade que se híçiese conde, y no quiso, diciendo que más quería ser gran cavallero que no pequeño conde, quanto más que ser conde de lo suyo.

¹⁹Memoria da batalla recollida no libro de aniversarios da catedral, citado en S. Portela Pazos, Galicia en tiempo de los FONSECAS, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1957, 82-83.

Así foi de certo no caso dos Moscoso, que pasaron de usar o título espontáneo de Viscondes de Fisterra a seren Condes de Altamira, aínda que o título sería por un tempo máis unha aspiración que unha realidade. Con todo, en 1475 verían recoñecido tanto esa ansia como todo o esforzo desenvolvido pola liñaxe ao longo dos últimos cen anos, cando o rei Fernando concede a Lopo Sánchez o título condal. Ese título, ademais de recoñecer a relevancia e os servizos prestados polos cabaleiros Moscoso, consagrou os dereitos das Torres de Altamira que pasaron a ser o solar condal inmune ás queixas dos arcebispos.

Namentres, o choque en campo aberto entre o arcebispo e os cabaleiros mudou substancialmente a percepción da situación que tiñan uns e outros, aínda que os problemas de fondo tardarían en solucionarse. Os Moscoso tiñan que buscar e consolidar o seu lugar e o arcebispo tiña que acadar o xeito de incorporar no seu dominio esta nova realidade sen que iso minguase a súa capacidade de goberno e os seus ingresos. Ese equilibrio acabaría conseguíndose, pero será un tempo despois cando os dous protagonistas —o conde Lopo Sánchez e o arcebispo Afonso de Fonseca— desaparecerán da escena inmediata.

De contado o que sucedeu foi que tanto Lopo Sánchez como outros cabaleiros foron conscientes da súa capacidade de gañaren polas armas o que consideraban seu e a liga que gañou en Altamira fixo sentir a súa forza. Son os tempos nos que os Moscoso reconquistaron Vimianzo, ocuparon e refortificaron a Rocha Forte para facer presión e recuperar Cira, asistiron ao asedio de Mesía en axuda de Gómez Pérez das Mariñas e contra Lois de Acevedo ou concorreron co resto de señores ao cerco da Coruña polo Conde de Benavente. Nos seguintes meses pasaron á ofensiva ocupando espazos e posicións que lograrían consolidar en boa medida na década seguinte, cando o cambio político no reino castelán propoña unha entente que leve a unha verdadeira paz social en Galicia.



As Torres de Altamira a mediados do s. XIX

Epílogo. As Torres de Altamira e a batalla na memoria e na lenda

A torres serían nos séculos que virían e aínda hoxe un fito na paisaxe da Maía e teñen o seu lugar na imaxinación da veciñanza e nos contos que se transmitiron dunha xeración á seguinte. É o enorme castelo dos mouros no que hai un singular túnel que comunica co pazo de Trasouteiro ou que leva ao río para mellor aguantar os asedios ou refrescar as bestas; o lugar onde un pozo profundísimo garda tesouros incontables.

É tamén o lugar onde se sitúan cantigas e ditos populares da zona, como os recollidos por Lois Tobío no seu Cancioneiro da Maía:



*Canta, Xoaniña, canta,
que nas torres de Altamira
ouví a tua garganta...*

*Por Altamira andei
tras de unha costureiriña;
agora quedei sin ela
coma a agulla sin liña.*

O romanticismo das ruínas e estas lendas deron pé a historias máis elaboradas durante o século XIX; son relatos ambientados nas torres e nos tempos medievais que falan polo xeral de amores e sucesos tráxicos.

Neira de Mosquera foi o primeiro e publicou en 1842 un reconto figurado dun incendio que sucedería no ano 1073, abrindo a liña do que foi unha fructífera liña argumental. Nos anos que virían, as torres mereceron a atención de sinalados escritores como Manuel Murgía ou Emilia Pardo Bazán.

A lista de autores que dedicaron unhas liñas a esta singular construción é longa, pero os máis importantes son:

 Antonio Neira de Mosquera: Crónica Gallega: El incendio de las Torres de Altamira (1842)

 José Pastor de la Roca: La corona de fuego o los subterráneos de las torres de Altamira (1863)

 Alfredo Vicenti: Las Torres de Altamira (incluída en Recuerdos, 1869)

 Lois Tobío: Cancioneiro da Maía (1880)

 José Becerra Armesto: Las torres de Altamira: leyenda compostelana del siglo XVI (1883)

 Luis Bouza Trillo: Las ruinas de Altamira (1892)

 Francisco Navarro Villoslada: Doña Urraca de Castilla: memorias de tres Canónigos (1910)



Son numerosas as publicacións de todo tipo que versan sobre a Galicia do século XV, a traxectoria dos Moscoso e as outras liñaxes e mesmo sobre aspectos xerais como os castelos galegos da Idade Media, a nobreza, a diocese de Santiago etc. Estarán referenciados nas bibliografías das obras aquí citadas, que son as máis importantes para quen queira achegarse aos feitos daquel tempo:

CARRASCO Y CIFUENTES, L., «La venganza: raíz de la conflictividad de la nobleza gallega bajomedieval. Los enfrentamientos entre los Moscoso y el arzobispo Fonseca (1464-1473)», *De Medio Aevo* 7, 1 (2015): 27-46.

FRAGA DÍEZ, G. F. C., «Referencias a las armas utilizadas en las luchas nobiliarias gallegas en el siglo XV», *Gladius O* (2008): 103-105.

FRAMIÑÁN SANTAS, A. M. e GARCÍA LEDO, X. A., «Os Costela, fidalgos da casa de Moscoso: séculos XV-XVI», *Descubriendo* 6 (2004): 145-167.

FRANCO SILVA, A., «El arzobispo de Sevilla, Alonso de Fonseca el Viejo. Notas sobre su vida», *Boletín de la Real Academia de la Historia* CXVI, (1999): 42-92.

GALBÁN MALAGÓN, C. J., «Evolución constructiva de la fortaleza de Altamira, del documento escrito al edificio», en *Actas del Sexto Congreso Nacional de Historia de la Construcción*: Valencia, 21-24 de octubre de 2009, Valencia: Instituto Juan de Herrera, 2009, 533-544.

—, *Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira*. Tese de doutoramento. Universitat de Barcelona (2009) [disponible en <http://www.tesisenred.net/handle/10803/31959>].

---, «Mejor tú que yo. La Guerra Interseñorial: batallas, asaltos y tomas de fortificaciones en la Galicia del siglo XV», *Ex novo: revista d'història i humanitats* 7 (2011): 157-159.

---, «Señor, non sejas ataúd de tus criados. Una aproximación a los afines del entorno de la casa de Moscoso (c. 1411-c. 1510)», *Anuario de Estudios Medievales* 41, 1 (2011): 235-272.

---, «¿Sueñan las piedras con fortalezas medievales? La heterodoxia disciplinar en el estudio de las fortalezas de la Terra de Santiago», *Estrat crític: revista d'arqueologia* 5, 2 (2012): 86-98.

---, «Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI/Territorial Power and the History of a Lineage. The Intervention of the House of Moscoso in Santiago de Compostela from the 14th to the 16th Century», *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos* 18 (2015): 13.

GARCÍA ORO, J., *Galicia en los siglos XIV y XV*, La Coruña: Fundación Pedro Barrie de la Maza, 1987.

GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M. J., «La Casa de Altamira durante el Renacimiento», *Liceo Franciscano* LII (2000): 381-1110.

GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M. J., *Os Fonseca na Galicia do Renacemento: da guerra ó mecenado: estudo e colección documental*, Noia: Toxosoutos, 2000.

GONZÁLEZ LÓPEZ, C., *Brion. Historia. Economía. Cultura. Arte*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 3a ed., 2016.

LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago: Ed. Compostela, 1968.

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E. J., *La Casa de Altamira y sus linajes en la baja edad media: viejas noticias y nuevos documentos*.

PORTELA PAZOS, S., *Galicia en tiempo de los Fonsecas*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1957.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las Fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños: Pleito Tabera-Fonseca*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1984.

SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., «Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 57, 123 (2009): 91-193.

VAZQUEZ BERTOMEU, M., «El arzobispo Don Alonso II de Fonseca, notas para su estudio», *Cuadernos de estudios gallegos* 47, 112 (2000): 87-131.

VÁZQUEZ, M. J., (1994). «Los condes de Altamira. Origen, esplendor y ocaso de la ilustre familia de los Moscoso», *Estudios Mindonienses* 10 (1994):195-279.





Sumario |

- 09_ A modo de presentación
- 10_ O pano de fondo
- 10_ A Galicia do século XV: un tempo revoltó
- 20_ A Maía: labregos e gandeiros en mans dos señores
- 28_ Os arcebispos e os cabaleiros
- 30_ Os Fonseca
- 37_ Os Moscoso
- 46_ Unha relación tormentosa
- 48_ O castelo e xurisdición de Altamira
- 49_ Os Moscoso na Maía
- 62_ O momento decisivo: a batalla de Altamira
- 63_ Os contendentes
- 74_ Os exércitos
- 77_ Os outros escenarios da batalla: Augapesada e A Ponte Maceira
- 82_ Os sucesos: Hubieran batalla e muriera mucha gente
- 86_ A reconstrucción das torres
- 87_ O primeiro asedio
- 90_ O intermedio: a refortificación das torres e un conato de asedio
- 91_ O grande asedio
- 93_ A concentración dos cabaleiros
- 95_ A da Ponte Maceira
- 96_ A catarse fronte ás torres
- 99_ O día despois
- 102_ Epílogo. As Torres de Altamira e a batalla na memoria
e na lenda
- 104_ Saber máis





